

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 8190** *Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial para adecualas á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

Recentemente aprobáronse a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (denominada Directiva de servizos), así como a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, consolida os principios reguladores compatibles coas liberdades básicas de establecemento e de libre prestación de servizos, e ao mesmo tempo permite suprimir as barreiras e reducir as trabas ao acceso das actividades de servizos e o seu exercicio.

Pola súa parte, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, modifica expresamente as leis vixentes afectadas pola citada directiva, entre elas, a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

En consecuencia, faise necesario modificar diversos reais decretos en materia de seguridade industrial para adecualos ao establecido nas ditas leis 17/2009, do 23 de novembro, e 25/2009, do 22 de decembro, en concreto ás modificacións realizadas á Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Así, axústase esta normativa que iniciou a súa liberalización coa citada Lei de industria e mesmo antes co Real decreto 2135/1980, do 26 de setembro, sobre liberalización industrial, que agora queda definitivamente superado.

En canto á forma en que se realiza a adaptación concreta da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, e da Lei 17/2009, do 23 de novembro, ao ámbito da seguridade industrial, nalgún dos reais decretos que se modifican, exíxese, con respecto á realización da actividade en libre prestación, que se presente unha declaración responsable e que se cumpran determinados requisitos, como o emprego de medios técnicos específicos regulados na normativa española, a dispoñibilidade dun seguro profesional ou un número de persoal mínimo co obxecto de asegurar a seguridade pública e previr riscos para a saúde e a seguridade, polo que, de acordo co disposto no artigo 12.3 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, se fai necesaria a existencia destes requisitos.

Este real decreto consta de 16 artigos, polos cales se modifican diversas normas regulamentarias sobre seguridade industrial, unha disposición adicional única, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única e dúas disposicións derradeiras.

Para a elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como, de acordo co establecido no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, aquelas entidades relacionadas co sector, coñecidas e consideradas máis representativas. Así mesmo, este real decreto foi obxecto de informe polo Consello de Coordinación da Seguridade Industrial, de acordo co previsto no artigo 18.4.c) da Lei

21/1992, do 16 de xullo, de industria, e no artigo 2.d) do Real decreto 251/1997, do 21 de febreiro, que aproba o seu regulamento.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de maio de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 3099/1977, do 8 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade para plantas e instalacións frigoríficas.*

Modifícase o Regulamento de seguridade para plantas e instalacións frigoríficas, aprobado polo Real decreto 3099/1977, do 8 de setembro, nos termos que figuran a continuación:

Un. Substitúense en todo o texto as expresións:

- a) «instalador frigorista autorizado» por «empresa instaladora frigorista.»
- b) «conservador-reparador autorizado» por «empresa conservadora-reparadora frigorista.»

Dous. O artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 26. Empresas instaladoras frigoristas e conservadoras-reparadoras frigoristas.

1. As instalacións frigoríficas realizaranas persoas físicas ou xurídicas habilitadas como empresas instaladoras frigoristas e conservaranas e repararanas persoas físicas ou xurídicas habilitadas como empresas conservadoras-reparadoras frigoristas.

2. Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras frigoristas ou empresas conservadoras-reparadoras frigoristas, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma onde se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que se exigen nas instrucións técnicas complementarias correspondentes a este regulamento, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución da súa actividade se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan neste regulamento e nas súas instrucións técnicas complementarias.

3. As empresas instaladoras frigoristas ou empresas conservadoras-reparadoras frigoristas legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que se exigen nas instrucións técnicas complementarias correspondentes a este regulamento, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución da súa actividade se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan neste regulamento e nas súas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real

decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

4. As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

5. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

6. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora frigorista ou empresa conservadora-reparadora frigorista, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que se poidan impor requisitos ou condicións adicionais.

7. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

8. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

9. As empresas instaladoras ou conservadoras-reparadoras cumprirán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.

b) Posuír os medios técnicos e humanos mínimos necesarios para realizar as súas actividades en condicións de seguridade que se especifiquen na correspondente instrución técnica complementaria.

c) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo pola contía que se indique na correspondente instrución técnica complementaria.

10. A empresa instaladora frigorista ou empresa conservadora-reparadora frigorista habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por ela mesma.

11. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que se poida incoar un expediente de emenda de erros, sen

prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

12. En todo caso, o título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, será de aplicación cos efectos e sancións que procedan unha vez incoado o correspondente expediente sancionador.

13. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade aos cales se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Tres. O artigo 27 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 27. *Titulares.*

1. Os usuarios de toda instalación frigorífica deben coidar que estas se manteñan en perfecto estado de funcionamento, así como impedir a súa utilización cando non ofrezan as debidas garantías de seguridade para as persoas ou cousas. Os usuarios contratarán, se for o caso, o mantemento da instalación cunha empresa conservadora-reparadora habilitada.

2. Os usuarios levarán un libro de rexistro, manual ou por medios electrónicos, no cal constarán os aparellos instalados, procedencia, subministrador, instalador, data de todas as reparacións efectuadas con detalle delas, empresa conservadora-reparadora que as efectuou e data de todas as inspeccións.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional sexta co seguinte teor:

«Disposición adicional sexta. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente subscritos noutro Estado.*

Cando a empresa instaladora ou conservadora-reparadora frigorista que se establece ou exerce a actividade en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro no cal xa estea establecido, considerarase cumprida a exigencia establecida na letra c) do artigo 26.9 do Regulamento de seguridade para plantas e instalacións frigoríficas aprobado por este real decreto. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, a empresa instaladora ou conservadora-reparadora frigorista deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exixidas. No caso de seguros ou outras garantías subscritos con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptaranse para efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.»

Cinco. Engádesse unha disposición adicional sétima co seguinte contido:

«Disposición adicional sétima. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras frigoristas ou conservadoras-reparadoras frigoristas aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Seis. Engádese unha disposición adicional oitava co seguinte contido:

«Disposición adicional oitava. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se subministrarán ao indicado rexistro e que estará dispoñible na sede electrónica do dito ministerio.»

Sete. Engádese unha disposición adicional novena, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Obrigas en materia de información e reclamacións.*

As empresas instaladoras frigoristas ou conservadoras-reparadoras frigoristas deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparellos de elevación e a súa manutención.*

Modifícase o Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparellos de elevación e a súa manutención nos termos que figuran a continuación:

Un. Engádese unha disposición adicional primeira ao Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, que terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente subscritos noutro Estado.*

Cando a empresa instaladora ou conservadora que se establece ou exerce a actividade en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro en que xa estea establecido, considerarase cumprida a exigencia establecida na letra c) do artigo 8.9 e na letra c) do artigo 10.9 do Regulamento de aparellos de elevación e a súa manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, a empresa instaladora ou conservadora deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exixidas. No caso de seguros ou outras garantías subscritos con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptaranse para efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.»

Dous. Engádese unha disposición adicional segunda ao Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, co seguinte teor:

«Disposición adicional segunda. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras ou conservadoras, aceptaranse os documentos procedentes doutro

Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Tres. Engádesse unha disposición adicional terceira ao Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para os efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se subministrarán ao indicado rexistro e que estará dispoñible na sede electrónica do dito ministerio.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional cuarta ao Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, co contido seguinte:

«Disposición adicional cuarta. *Obrigas en materia de información e reclamacións.*

As empresas instaladoras e as conservadoras deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Cinco. O artigo 8 do Regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Empresas instaladoras.*

1. Para os efectos do presente regulamento, considérase empresa instaladora a persoa física ou xurídica que desenvolve as actividades de instalación, montaxe e desmontaxe dos aparellos de elevación e manutención a que se refire o artigo 2º.

2. Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma na cal se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige este regulamento e, se for o caso, a correspondente instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan neste regulamento e nas respectivas instrucións técnicas complementarias.

3. As empresas instaladoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que se exigen neste regulamento e, se for o caso, na correspondente instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan neste regulamento e nas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que

acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

4. As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

5. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

6. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que se poidan impor requisitos ou condicións adicionais.

7. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

8. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

9. As empresas instaladoras cumprirán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.

b) Posuír os medios técnicos e humanos mínimos necesarios para realizar as súas actividades en condicións de seguridade que se especifiquen en cada instrución técnica complementaria.

c) Ter cuberta a responsabilidade civil mediante a subscripción dun seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo pola contía que se indique na correspondente instrución técnica complementaria.

10. A empresa instaladora habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de instalación non realizadas por ela mesma.

11. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen

prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

12. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Seis. O artigo 10 do regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Empresas conservadoras.*

1. Para efectos do presente regulamento, considérase empresa conservadora a persoa física ou xurídica que desenvolve as actividades de mantemento e reparación dos aparellos de elevación e manutención a que se refire o artigo 2º.

2. Antes de comezar as súas actividades como empresas conservadoras, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige este regulamento e, se for o caso, a correspondente instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que as actividades de mantemento e reparación se efectúan de acordo coas normas e requisitos que se establezan neste regulamento e nas respectivas instrucións técnicas complementarias.

3. As empresas conservadoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige este regulamento e, se for o caso, a correspondente instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que as actividades de mantemento e reparación se efectúan de acordo coas normas e requisitos que se establezan neste regulamento e nas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

4. As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a

Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

5. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

6. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa conservadora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

7. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

8. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

9. As empresas conservadoras cumprirán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa conservadora, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.

b) Posuír os medios técnicos e humanos mínimos necesarios para realizar as súas actividades en condicións de seguridade que se especifiquen en cada instrución técnica complementaria.

c) Ter cuberta a responsabilidade civil, mediante a subscripción dun seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo pola contía que se indique na correspondente instrución técnica complementaria.

d) Responsabilizarse de que os aparellos que lles sexan encomendados se manteñen en condicións de funcionamento correctas.

10. A empresa conservadora habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por ela mesma.

11. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

12. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Sete. O artigo 12 do regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 12.

Toda entidade que o desexe poderá actuar como conservadora das súas propias instalacións e aparellos seguindo as prescricións que se establecen no artigo 10.»

Oito. O artigo 13.1 a) do regulamento queda redactado como segue:

«a) Contratar o mantemento e revisións da instalación cunha empresa conservadora que cumpra os requisitos exixidos por este regulamento, se así se indica nas instrucións técnicas complementarias deste regulamento.»

Nove. O artigo 16.2 do regulamento queda redactado como segue:

«2. Este proxecto será redactado e asinado por un técnico titulado competente.»

Dez. Suprímese o número 3 do artigo 16 do regulamento.

Once. O artigo 17 do regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 17. *Posta en servizo.*

A posta en funcionamento dun aparello de elevación e manutención, salvo que a instrución técnica complementaria dispoña outra cousa, non precisará outro requisito que a presentación ante o órgano competente da comunidade autónoma dun certificado da empresa instaladora, examinado e co visto e prace dun técnico titulado competente designado por ela.»

Doce. O artigo 20 do regulamento pasa a ter a seguinte nova redacción

«Artigo 20. *Infraccións e sancións.*

As infraccións ao disposto no presente regulamento clasificaranse e sancionaranse de acordo co disposto no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.»

Trece. Suprímese o artigo 21 do regulamento.

Catorce. O artigo 22 do regulamento queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 22. *Tramitación das sancións e recursos.*

1. As sancións a que se refire o presente capítulo serán impostas, logo de instrución do oportuno expediente, tramitado conforme a Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O órgano competente da comunidade autónoma deberá comunicar, de forma inmediata, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, as sancións impostas a fabricantes, instaladores ou conservadores.

Así mesmo, comunicarase se o sancionado interpuxo recurso contra a sanción que lle foi imposta.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.*

Modifícase o Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, nos termos que se expresan a continuación:

Un. A disposición adicional única do Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, pasa a ser disposición adicional primeira.

Dous. Engádesse unha disposición adicional segunda ao Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, co seguinte teor:

«Disposición adicional segunda. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente subscritos noutro Estado.*

Cando a empresa instaladora ou mantedora que se establece ou exerce a actividade en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro no cal xa estea establecido, considerárase cumprida a exigencia recollida na letra d) do artigo 11.8 e na letra d) do artigo 14.8 do Regulamento de instalacións de protección contra incendios, aprobado polo Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, a empresa instaladora ou mantedora deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exixidas. No caso de seguros ou doutras garantías subscritos con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptaranse para efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.»

Tres. Engádesse unha disposición adicional terceira ao Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, co contido seguinte:

«Disposición adicional terceira. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras ou mantedoras, aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional cuarta ao Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se subministrarán ao indicado rexistro, e que estará dispoñible na sede electrónica do dito ministerio.»

Cinco. Engádesse unha disposición adicional quinta ao Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, que terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Obrigas en materia de información e reclamacións.*

As empresas instaladoras e as mantedoras deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Seis. Substitúense en todo o texto as expresións:

- a) «instalador autorizado» por «empresa instaladora.»
- b) «mantedor autorizado» por «empresa mantedora.»

Sete. O artigo 10 do regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Empresas instaladoras.*

A instalación de aparellos, equipamentos, sistemas e os seus compoñentes, a que se refire este regulamento, con excepción dos extintores portátiles, realizarana empresas instaladoras debidamente habilitadas.»

Oito. Modifícase o artigo 11 do regulamento, que queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 11. *Habilitación de empresas instaladoras.*

1. Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare a relación de aparellos, equipamentos e sistemas de protección contra incendios para cuxa instalación está habilitada, que cumpre os requisitos que exige este regulamento, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan neste regulamento, nos seus apéndices e nas súas ordes de desenvolvemento.

2. As empresas instaladoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare a relación de aparellos, equipamentos e sistemas de protección contra incendios para cuxa instalación está habilitada, que cumpre os requisitos que exige este regulamento, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan neste regulamento, nos seus apéndices e nas súas ordes de desenvolvemento.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

3. As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

4. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

5. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

6. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

7. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

8. As empresas instaladoras cumprarán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.

b) Contar con persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade, cun mínimo dun técnico titulado competente, que será o responsable técnico.

c) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade.

d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo de acordo co establecido na Orde do 16 de abril de 1998 sobre normas de procedemento e desenvolvemento do Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios e se revisa o anexo I e os seus apéndices.

9. A empresa instaladora habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de instalación non realizadas por ela mesma.

10. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

11. En todo caso, o título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, será de aplicación cos efectos e sancións que procedan unha vez incoado o correspondente expediente sancionador.

12. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Novo. O artigo 13 do regulamento queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 13. *Empresas mantedoras.*

O mantemento e reparación de aparellos, equipamentos e sistemas e os seus compoñentes empregados na protección contra incendios, deben ser realizados por empresas mantedoras debidamente habilitadas.»

Dez. O artigo 14 do regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Habilitación de empresas mantedoras.*

1. Antes de comezar as súas actividades como empresas mantedoras, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare a relación de aparellos, equipamentos e sistemas de protección contra incendios para cuxo mantemento está habilitada, que cumpre os requisitos que exige este regulamento, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a actividade de mantemento se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan neste regulamento, nos seus apéndices e nas súas ordes de desenvolvemento.

2. As empresas mantedoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen exercer a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare a relación de aparellos, equipamentos e sistemas de protección contra incendios para cuxo mantemento está habilitada, que cumpre os requisitos que exige este regulamento, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a actividade de mantemento se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan neste regulamento, nos seus apéndices e nas súas ordes de desenvolvemento.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

3. As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

4. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

5. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa mantedora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

6. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

7. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

8. As empresas mantedoras cumprirán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa mantedora, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.

b) Contar con persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade, cun mínimo de técnico titulado competente, que será o responsable técnico.

c) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade.

d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo de acordo co establecido na Orde do 16 de abril de 1998 sobre normas de procedemento e desenvolvemento do Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios e se revisa o anexo I e os seus apéndices.

9. A empresa mantedora habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por ela mesma.

10. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

11. En todo caso, o título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, será de aplicación cos efectos e sancións que procedan unha vez incoado o correspondente expediente sancionador.

12. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade aos cales se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Once. O artigo 16 do regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 16. *Habilitación de usuarios como empresas mantedoras.*

O usuario de aparellos, equipamentos ou sistemas que dispoña de medios técnicos e humanos suficientes para efectuar o correcto mantemento das súas instalacións de protección contra incendios poderá adquirir a condición de mantedor delas presentando a declaración responsable, indicada no artigo 14 deste regulamento, ante o órgano competente da comunidade autónoma.»

Doce. O artigo 17 do Regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 17. *Instalación.*

1. A instalación nos establecementos e zonas de uso industrial dos aparellos, equipamentos e sistemas incluídos neste regulamento requirirá, cando así se especifique, a presentación dun proxecto ou documentación ante os servizos competentes en materia de industria da comunidade autónoma.

O citado proxecto ou documentación será redactado e asinado por técnico titulado competente, e debe indicar os aparellos, equipamentos, sistemas ou os seus compoñentes suxeitos a marca de conformidade.

2. Nos edificios aos cales sexa de aplicación o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, as instalacións de protección contra incendios, nos aspectos recollidos no número 1 deste artigo, observarán o disposto nel.»

Trece. O artigo 18 do Regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Posta en servizo.*

Antes da posta en funcionamento das instalacións ás cales se refire o artigo anterior, o titular da instalación presentará, ante o órgano competente en materia de industria da comunidade autónoma, un certificado da empresa instaladora asinado polo seu responsable técnico.»

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións petrolíferas.*

Modifícase o Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, nos termos seguintes:

Un. O artigo 4 queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 4. *Empresas instaladoras.*

1. Para efectos do presente regulamento, considérase empresa instaladora a persoa física ou xurídica dedicada á montaxe e desmontaxe das instalacións incluídas neste regulamento que, cumprindo os requisitos exixidos na Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril, presentase a declaración responsable de inicio de actividade segundo se establece na dita instrución técnica complementaria.

2. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

3. As empresas propietarias ou arrendatarias das instalacións incluídas neste regulamento poderán realizar a montaxe das súas instalacións se presentan a declaración responsable de inicio de actividade que se establece na Instrución técnica complementaria MI-IP05.»

Dous. O artigo 6 queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 6. *Autorización e comunicación de instalacións, modificacións e posta en servizo.*

As instalacións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento relacionadas cos artigos 39 e 40 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, requirirán autorización administrativa, sen prexuízo, se for o caso, das concesións administrativas recollidas na lexislación específica.

O resto das instalacións, segundo corresponda, inscribíranse no rexistro de instalacións de distribución ao retallo exixido polo artigo 44 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, ou no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

Para isto, presentárase no órgano competente da correspondente comunidade autónoma un proxecto da instalación, asinado por un técnico titulado competente, en que se poña de manifesto o cumprimento das especificacións exixidas polas instrucións técnicas complementarias deste regulamento, así como das prescritas polas demais disposicións legais que o afecten.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, as instrucións técnicas complementarias poderán establecer a substitución do proxecto por outro documento máis sinxelo naqueles casos en que a menor perigosidade e condicións das ditas instalacións así o aconsellen.

As modificacións das instalacións que non afecten substancialmente estas comunicáranse ao órgano competente da correspondente comunidade autónoma e poderán realizarse sen necesidade de presentar documentación adicional se, no prazo de 15 días, este órgano competente non determina o contrario. Noutro caso, cando o órgano competente así o determine, ou ben cando a modificación das instalacións as afecte substancialmente, será necesaria a presentación dun proxecto ou documentación detallada das modificacións que se van realizar.»

Tres. O primeiro parágrafo do artigo 8 queda redactado da maneira seguinte:

«A execución das instalacións a que se refire este regulamento será efectuada baixo a dirección dun técnico titulado competente ou por unha empresa instaladora que presentase a correspondente declaración responsable de inicio de actividade que se establece na Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», segundo se indique na correspondente instrución técnica complementaria.»

Artigo quinto. *Modificación do Real decreto 2201/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MI-IP04 «Instalacións fixas para distribución ao retallo de carburantes e combustibles petrolíferos en instalacións de venda ao público».*

Modifícase a Instrución técnica complementaria «MI-IP04» Instalacións fixas para distribución ao retallo de carburantes e combustibles petrolíferos en instalacións de venda ao público, aprobada polo Real decreto 2201/1995, do 28 de decembro, nos termos que se indican a continuación:

Un. O título do capítulo X, así como a súa referencia no índice, pasa a ser o seguinte:

«Comunicación de instalacións»

Dous. O primeiro parágrafo do capítulo X queda redactado como segue:

«Os titulares dos almacenamentos de carburantes e combustibles líquidos deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma a

documentación que se establece nos seguintes puntos deste capítulo. As instalacións, segundo corresponda, inscribíranse no rexistro de instalacións de distribución ao retallo exixido polo artigo 44 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, ou no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Tres. O terceiro parágrafo do capítulo X queda redactado como segue:

«As instalacións obxecto desta instrución técnica complementaria serán realizadas por empresas instaladoras habilitadas segundo o establecido na Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril.»

Catro. O primeiro parágrafo do número 34 queda redactado como segue:

«Será precisa a presentación, ante o órgano territorial competente, do correspondente proxecto técnico e certificado final de obra da dirección facultativa, asinado por técnico titulado competente, segundo o disposto no capítulo III do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, para as capacidades totais de almacenamento e produtos seguintes:»

Cinco. O último parágrafo do número 35 queda redactado como segue:

«Nestes casos será suficiente a presentación ante o órgano territorial competente de documento (memoria resumida e esbozo) no cal se describa e detalle esta, e certificado final acreditativo da adaptación das instalacións á instrución técnica complementaria, responsabilizándose da instalación, asinados ambos por un instalador de PPL da empresa instaladora da obra.»

Seis. O último parágrafo do número 36 queda redactado como segue:

«Os documentos memoria, prego e orzamento, así como cada un dos planos, deberán ser asinados polo técnico titulado competente.»

Sete. Engádesse o seguinte segundo parágrafo ao número 37:

«O cambio de titularidade das instalacións deberá ser comunicado polo novo titular no prazo que estableza a correspondente comunidade autónoma e, no seu defecto, antes dun mes a partir da data en que este se produza.»

Oito. O primeiro parágrafo do número 38 queda redactado como segue:

«A montaxe, mantemento, conservación e, se for o caso, a reparación das instalacións, deberá realizarse con equipamentos propios ou por empresas instaladoras, debidamente habilitadas segundo o establecido na Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril, con persoal especializado, que terá como obrigas, ademais do establecido no Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, as seguintes:»

Nove. Os números 40.1, 2 e 3 quedan redactados como segue:

«1. Identificación do establecemento ou instalación respecto aos datos do seu titular, localización e rexistros.

2. Comprobación de que non se realizaron ampliacións ou modificacións que alteren as condicións de seguridade polas que se aprobou a instalación inicial, ou que, en caso de se teren producido estas, se presentou ante o órgano competente

da comunidade autónoma a documentación correspondente segundo o establecido no Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro.

3. Comprobación de que a forma e capacidade do almacenamento, así como a clase dos produtos almacenados, seguen sendo os mesmos que os declarados inicialmente, ou como consecuencia de ampliacións ou modificacións posteriores.»

Dez. O segundo e o terceiro parágrafo do número 41 quedan redactados como segue:

«Os procedementos ou sistemas para realizar a reparación deberán estar amparados por un estudo-proxecto xenérico que deberá estar suscrito por técnico titulado competente, o cal deberá ser presentado ante o órgano competente en materia de industria da comunidade autónoma. Comprenderá todas as fases de actuación, ensaios, probas obrigatorias, segundo describe o referido informe UNE 53.991.

As reparacións e intervencións, segundo o procedemento ou sistema, só poderán realizalas as empresas habilitadas para tal fin segundo o establecido na Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril, sempre baixo a supervisión dun reparador de PPL da empresa.»

Artigo sexto. *Modificación do Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, polo que se aproba unha nova Instrución técnica complementaria MI-IP03 «Instalacións petrolíferas para uso propio».*

Modifícase a Instrución técnica complementaria MI-IP03 Instalacións petrolíferas para uso propio, aprobada polo Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, nos termos que se indican a continuación:

Un. O número 3.14 queda redactado como segue:

«3.14 Revisión periódica: toda revisión ou proba posterior á posta en servizo dos aparellos ou equipamentos, realizada por unha empresa instaladora habilitada segundo o establecido na Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril, ou organismo de control.»

Dous. O segundo e o terceiro parágrafo do número 11 quedan redactados como segue:

«Os procedementos ou sistemas para realizala deberán estar amparados por un estudo-proxecto xenérico que deberá estar suscrito por técnico titulado competente, o cal deberá ser presentado ante o órgano competente en materia de industria da comunidade autónoma. O proxecto-estudo comprenderá todas as fases de actuación, ensaios, probas obrigatorias, segundo describe o referido informe UNE 53.991.

As reparacións e intervencións, segundo o procedemento ou sistema, só as poderán realizar as empresas habilitadas para tal fin segundo o establecido na Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril, sempre baixo a supervisión dun reparador de PPL da empresa.»

Tres. O título do capítulo VIII, así como a súa referencia no índice, pasa a ser o seguinte:

«Comunicación de instalacións»

Catro. Os dous primeiros parágrafos do capítulo VIII quedan redactados como segue:

«Os titulares dos almacenamentos de carburantes e combustibles líquidos deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma a documentación que se establece nos seguintes puntos deste capítulo. A comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio os datos necesarios para a inclusión da instalación no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

As instalacións obxecto desta instrución técnica complementaria serán realizadas por empresas instaladoras habilitadas segundo o establecido na Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril.»

Cinco. O primeiro parágrafo do número 32 queda redactado como segue:

«Será preciso a presentación ante o órgano territorial competente do correspondente proxecto técnico e certificado final de obra da dirección facultativa, asinado por técnico titulado competente, segundo o disposto no capítulo III do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, para as capacidades totais de almacenamento e produtos seguintes:»

Seis. O último parágrafo do número 33 queda redactado como segue:

«Nestes casos será suficiente a presentación ante o órgano territorial competente de documento (memoria resumida e esbozo) no cal se describa e detalle esta, e certificado final acreditativo da adaptación das instalacións á instrución técnica complementaria, responsabilizándose da instalación, asinados ambos por un instalador de PPL da empresa instaladora da obra.»

Sete. O número 34 queda redactado como segue:

«O resto das instalacións de almacenamento de capacidades inferiores ás anteriormente establecidas quedan excluídas do trámite de presentación de documentación pero cumprindo, en todo caso, as normas de seguridade establecidas nesta instrución técnica complementaria.»

Oito. O último parágrafo do número 35 queda redactado como segue:

«Os documentos memoria, prego e orzamento, así como cada un dos planos, deberán ser asinados polo técnico titulado competente.»

Nove. O primeiro parágrafo do número 37 queda redactado como segue:

«A montaxe, mantemento, conservación e, se for o caso, a reparación das instalacións, deberán ser realizados con equipamentos propios ou por empresas instaladoras ou reparadoras, segundo corresponda, debidamente habilitadas segundo o establecido na Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril, con persoal especializado que terá como obrigas, ademais do establecido no Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, as seguintes:»

Dez. Os números 39.1, 2 e 3 quedan redactados como segue:

«1. Identificación do establecemento ou instalación respecto aos datos do seu titular, localización e rexistros.

2. Comprobación de que non se realizaron ampliacións ou modificacións que alteren as condicións de seguridade polas que se aprobou a instalación inicial ou que, en caso de se teren producido estas, se presentou ante o órgano competente da comunidade autónoma a documentación correspondente segundo o establecido no Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro.

3. Comprobación de que a forma e a capacidade do almacenamento, así como a clase dos produtos almacenados, seguen sendo os mesmos que os declarados inicialmente, ou como consecuencia de ampliacións ou modificacións posteriores.»

Artigo sétimo. *Modificación do Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.*

Modifícase o Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, nos termos que se detallan a continuación:

Un. Substitúese en todo o texto a expresión:

«Instalador/es autorizado/s» por «empresa/s instaladora/s»

Dous. Engádese unha disposición adicional primeira ao Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, co seguinte teor:

«Disposición adicional primeira. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente subscritos noutro Estado.*

Cando a empresa instaladora en baixa tensión que se establece ou exerce a actividade en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro no cal xa estea establecido, considerárase cumprida a exigencia establecida no número 5.8 c) da ITC-BT-03 aprobada polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, a empresa instaladora en baixa tensión deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exixidas. No caso de seguros ou doutras garantías subscritos con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptáranse para efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.»

Tres. Engádese unha disposición adicional segunda ao Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, co contido seguinte:

«Disposición adicional segunda. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras, aceptáranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Catro. Engádese unha disposición adicional terceira ao Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para os efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguridade industrial do

Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se subministrarán ao indicado rexistro e que estará dispoñible na sede electrónica do dito ministerio.»

Cinco. Engádesse unha disposición adicional cuarta ao Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, que terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Obrigas en materia de información e reclamacións.*

As empresas instaladoras en baixa tensión deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Seis. O artigo 22 do Regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 22. *Empresas instaladoras.*

1. As instalacións eléctricas de baixa tensión executaranas empresas instaladoras en baixa tensión, que serán aquelas persoas físicas ou xurídicas que presentasen a declaración responsable de inicio de actividade segundo se establece na correspondente instrución técnica complementaria. Isto enténdese sen prexuízo do posible proxecto e dirección de obra por técnicos titulados competentes que, se for o caso, requiran as citadas instalacións.

2. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.»

Sete. O número 1 da Instrución técnica complementaria BT-03 queda redactado como segue:

«1. *Obxecto.*

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto desenvolver as previsións do artigo 22 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, establecendo as condicións e requisitos que deben observarse para a certificación da competencia e para a habilitación como empresa instaladora no ámbito de aplicación do dito regulamento.»

Oito. O número 2 da Instrución técnica complementaria BT-03 queda redactado como segue:

«2. *Empresa instaladora e instalador en baixa tensión.*

2.1 Empresa instaladora en baixa tensión é a persoa física ou xurídica que realiza, mantén ou repara as instalacións eléctricas no ámbito do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e as súas instrucións técnicas complementarias, tras presentar a correspondente declaración responsable de inicio de actividade segundo o prescrito nesta instrución técnica complementaria.

2.2 Instalador en baixa tensión é a persoa física que ten coñecementos para desempeñar algunha das actividades correspondentes ás categorías indicadas no número 3 desta instrución técnica complementaria cumprindo o establecido no número 4 desta Instrución técnica complementaria BT-03.»

Nove. Suprímese o último parágrafo do número 3 da Instrución técnica complementaria BT-03.

Dez. O número 4 da Instrución técnica complementaria BT-03 queda redactado como segue:

«4. *Instalador en baixa tensión.*

O instalador en baixa tensión deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora de gas habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e das súas instrucións técnicas complementarias;

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e das súas ITC;

c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e das súas instrucións técnicas complementarias.»

Once. O número 5 da Instrución técnica complementaria BT-03 queda redactado como segue:

«5. *Habilitación de empresas instaladoras de baixa tensión.*

5.1 Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras en baixa tensión, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante declare para que categoría, e se for o caso, modalidade, vai desempeñar a actividade, que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e nas súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

5.2 As empresas instaladoras en baixa tensión legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría, e se for o caso, modalidade, vai desempeñar a actividade, que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e nas súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de

establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

5.3 As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

5.4 O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

5.5 De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

5.6 Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

5.7 Calquera feito que supoña a modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

5.8 As empresas instaladoras cumprirán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.

b) Contar cos medios técnicos e humanos mínimos necesarios para realizar as súas actividades en condicións de seguridade que se determinan no apéndice desta instrución técnica complementaria, para as respectivas categorías.

c) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo por unha contía mínima de 600.000 euros para a categoría básica e de 900.000 euros para a categoría especialista. Estas contías mínimas actualizaranse por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

5.9 A empresa instaladora habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de instalación non realizadas por ela mesma.

5.10 O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

5.11 O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade aos cales se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Doce. Suprímese o número 6 da Instrución técnica complementaria BT-03.

Trece. Modifícase o número 1 do apéndice da ITC-BT-03, que queda redactado:

«1. *Medios humanos.*

Persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade, cun mínimo dun instalador para as instalacións de cada unha das respectivas categorías, ou unha mesma persoa se esta reúne os respectivos requisitos.»

Catorce. Suprímese o número 2.1.1 do apéndice da Instrución técnica complementaria BT-03

Quince. Modifícase o número 5.4 da Instrución técnica complementaria BT-04, que queda redactado como segue:

«5.4 Finalizadas as obras e realizadas as verificacións e inspección inicial a que se refiren os puntos anteriores, a empresa instaladora deberá emitir un certificado de instalación, suscrito por un instalador en baixa tensión que pertenza á empresa, segundo modelo establecido pola Administración, que deberá comprender, polo menos, o seguinte:

- a) Os datos referentes ás principais características da instalación;
- b) A potencia prevista da instalación;
- c) Se for o caso, a referencia do certificado do organismo de control que realízase, con cualificación de resultado favorable, a inspección inicial;
- d) Identificación da empresa instaladora responsable da instalación e do instalador en baixa tensión que suscribe o certificado de instalación;
- e) Declaración expresa de que a instalación foi executada de acordo coas prescricións do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e, se for o caso, coas especificacións particulares aprobadas á compañía eléctrica, así como, segundo corresponda, co proxecto ou coa memoria técnica de deseño.»

Artigo oitavo. *Modificación do Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-2» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións.*

Modifícase o Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-2» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións, nos termos que se indican a continuación:

Un. Engádesse unha disposición adicional terceira ao Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, co seguinte teor:

«Disposición adicional terceira. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente subscritos noutro Estado.*

Cando a empresa instaladora ou conservadora que se establece ou exerce a actividade en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro no cal xa estea establecido, considerárase cumprida a exigencia establecida na letra d) do artigo 6.8 e na letra d) do artigo 9.9 da Instrución técnica complementaria aprobada por este Real decreto 836/2003, do 27 de xuño. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, a empresa instaladora ou conservadora deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exixidas. No caso de seguros ou outras garantías subscritos con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptáranse para efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional cuarta ao Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, co contido seguinte:

«Disposición adicional cuarta. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras ou conservadoras, aceptáranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17, da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Tres. Engádesse unha disposición adicional quinta ao Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, coa seguinte redacción.

«Disposición adicional quinta. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se subministrarán ao indicado rexistro, e que estará dispoñible na sede electrónica do dito ministerio.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional sexta ao Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, co contido seguinte:

«Disposición adicional sexta. *Obrigas en materia de información e reclamacións.*

As empresas instaladoras e as conservadoras deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Cinco. Os números 2.20 e 2.21 do artigo 2 da Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2 quedan redactados como segue:

«2.20 Empresa instaladora. É aquela persoa física ou xurídica que realiza a montaxe e desmontaxe dos guindastres torre, cumprindo os requisitos exixidos nesta Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2.

2.21 Empresa conservadora. É aquela persoa física ou xurídica que realiza operacións de mantemento periódico e reparacións no guindastre, distintas das que poden corresponder ao guindastrista, cumprindo os requisitos exixidos nesta Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2.»

Seis. O primeiro parágrafo do artigo 5.1 da Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2 queda redactado como segue:

«5.1 Proxecto de instalación. A instalación dos aparellos incluídos nesta instrución técnica complementaria require a presentación dun proxecto ante o órgano competente da comunidade autónoma subscrito por técnico titulado competente.»

Sete. O último parágrafo do artigo 5.1 da Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2 queda redactado como segue:

«No caso de guindastres autodespregables de tipo monobloque cuxo momento nominal estea comprendido entre 15 kN.m e 170 kN.m, o proxecto de instalación citado anteriormente poderá ser substituído por un certificado de instalación emitido e asinado polo técnico titulado competente da empresa instaladora (no anexo V inclúese o modelo de certificado de instalación de guindastre autodespregable monobloque).»

Oito. O segundo parágrafo do artigo 5.2 da Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2 queda redactado como segue:

«Antes de comezar as súas actividades, as empresas que desexen fabricar os pés de encravamento ou calquera outro elemento estrutural do guindastre deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma onde se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exixen este regulamento, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante a vixencia da actividade.

As empresas fabricantes dos pés de encravamento ou calquera outro elemento estrutural do guindastre cumprirán os seguintes requisitos:

- a) Dispor no cadro de persoal dun técnico titulado competente.
- b) Dispor de soldadores e procesos de soldadura homologados por un organismo de control autorizado.
- c) Seguro de responsabilidade civil, ou outra garantía equivalente, con cobertura mínima por accidente de 1.000.000 de euros.»

Nove. O artigo 5.3 da Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2 queda redactado da forma seguinte:

«5.3. Montaxe. Os guindastres incluídos nesta instrución técnica complementaria montaranse de acordo co que ao respecto se indica na Norma UNE 58-101-92, parte 2 «Aparellos pesados de elevación. Condicións de resistencia e seguridade nos guindastres torre desmontables para obras. Condición de instalación e utilización».

En relación co número 6.1 da dita norma terase en conta:

- a) A montaxe será realizada por empresa instaladora habilitada ou polo propio fabricante do guindastre.
- b) Os montadores que realicen estas operacións dependerán do técnico competente da empresa habilitada responsable da montaxe, o cal deberá planificar e responsabilizarse do traballo que se execute, expedindo para o efecto os correspondentes certificados de instalación, segundo o modelo que figura no anexo V.»

Dez. O artigo 6 da Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 6. *Empresas instaladoras.*

6.1 Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma onde se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria e o seu regulamento correspondente, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a montaxe e desmontaxe dos guindastres se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

6.2 As empresas instaladoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exigen esta instrución técnica complementaria e o seu regulamento correspondente, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a montaxe e desmontaxe dos guindastres se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

6.3 As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

6.4 O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

6.5 De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

6.6 Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración, habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

6.7 Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

6.8 As empresas instaladoras cumprirán os seguintes requisitos:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.

b) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade.

c) Contar con persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade, cun mínimo dun técnico titulado competente, que será o responsable técnico.

d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo por unha contía mínima de 600.000 euros. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

6.9 A empresa instaladora habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de instalación non realizadas por ela mesma.

6.10 O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

6.11 O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial, regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Once. O segundo parágrafo do artigo 8 da Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2 queda redactado como segue:

«O usuario deberá subscribir un contrato de mantemento cunha empresa conservadora habilitada mentres o guindastre permaneza instalado.»

Doce. O artigo 9 da Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 9. *Empresas conservadoras.*

9.1 As empresas conservadoras cumprirán o establecido nos artigos 10 e 11 do Regulamento de aparellos de elevación e a súa manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro.

9.2 Antes de comezar as súas actividades como empresas conservadoras, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma onde se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria e o seu regulamento correspondente, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que as operacións de mantemento e reparación nos guindastres se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

9.3 As empresas conservadoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria e o seu regulamento correspondente, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a montaxe e a desmontaxe dos guindastres se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

9.4 As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

9.5 O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

9.6 De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa conservadora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

9.7 Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

9.8 Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

9.9 As empresas conservadoras cumprirán os seguintes requisitos:

- a) Dispor da documentación que identifique a empresa conservadora, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.
- b) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar as súas actividades en condicións de seguridade.
- c) Contar con persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade e en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas.
- d) Ter cuberta a súa responsabilidade civil de acordo co indicado no artigo 6 para empresa instaladora.

9.10 A empresa conservadora habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por ela mesma.

9.11 O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

9.12 O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial, regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Trece. O artigo 10 da Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 10. *Empresa instaladora-conservadora.*

Para a habilitación dunha empresa como instaladora e conservadora deberá cumprir o establecido nos artigos 6 e 9 desta Instrución técnica complementaria MIE-AEM-2. Non obstante, non será necesario subscribir máis que unha soa póliza pola contía indicada, e o persoal poderá simultanear ambas as funcións.»

Catorce. O número 7.b) do anexo II do Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, queda redactado como segue:

«b) Documentación acreditativa das características do terreo (informe facilitado pola dirección facultativa da obra) ou estudo xeotécnico.»

Quince. O anexo V do Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, queda substituído polo seguinte:

ANEXO V

Certificado de instalación de guindastre torre desmontable para obras ou outras aplicacións

EXPEDIENTE :

D.,

CERTIFICA:

1. Que a instalación cuxas características se indican a seguir:

TITULAR	
Empresa construtora:	N.º RI:
DATOS DA INSTALACIÓN	
Localidade :	Rúa, n.º :
Tipo de aparello:	Destino da obra :
Momento máx.: kN.m	Carga máx. en punta : kg
Fabricante :	Altura máx. baixo gancho: m
Modelo :	Altura autoestable : m
Número :	Velocidade de elevación : m/min.
	Potencia: kW
PROXECTO	
Autor do proxecto :	Data:
INSTALADOR HABILITADO	
Nome da empresa:	N.º de identificación da empresa:

foi executada de acordo co proxecto presentado e baixo a dirección técnica de quen subscribe, e que se rematou o día

2. Que a instalación cumpre a regulamentación e normativa seguinte:
 - Regulamento de aparellos de elevación (RD 2291/1985, do 8 de novembro).
 - Instrución técnica complementaria ITC MIE AEM-2.
 - Norma UNE 58-101-92 parte 2.
3. Que se realizaron con resultado aceptable as comprobacións e probas necesarias e/ou regulamentariamente establecidas.
4. Que se dispón na instalación das cargas de comprobación (Pmax., 0,1 Pmax., Ppunta e 0,1 Ppunta ou na posición máis afastada) e que se lle entregou o Manual de instrucións de utilización ao responsable da obra D.
5. Que se xuntan os seguintes documentos:
 - Documento de entrega do guindastre asinado pola empresa instaladora e o usuario.
 - Informe de inspección do organismo de control autorizado.
 - Contrato de conservación con empresa habilitada para todo o tempo de permanencia do guindastre no lugar.
 - Declaración CE de conformidade ou certificado de fabricación.
 - Orixinal do certificado de fabricación do tramo de encravamento, se é o caso.
 - Outros:

OBSERVACIÓNS:

..... de de
(Sinatura do técnico titulado competente da empresa instaladora)

CERTIFICADO DE INSTALACIÓN DE GUINDASTRE TORRE AUTODESPREGABLE

(Para guindastres tipo monobloque cuxo momento nominal sexa superior a 15 kN.m e non supere os 170 kN.m)

EMPRESA USUARIA:

ENDEREZO DA INSTALACIÓN:

EMPRESA INSTALADORA:

CARACTERÍSTICAS DO GUINDASTRE:

MARCA	MODELO	NÚMERO	ANO FABRICACIÓN	D. ULT. INSPEC.	
DATOS DO GUINDASTRE					
Carga máxima:	kg.	Altura autoestable:	m	Velocidades de elevación:	m/min.
Carga en punta:	kg.	Cables: - elevación:	mm de Ø	Lastre : - tipo:	
Alcance:	m	- carro:	mm de Ø	- peso:	kg.
Momento nominal:	kN.m				
CARACTERÍSTICAS ELÉCTRICAS					
Potencia máx:	kW	Pica:	m lonxitude	Ømm	
Tensión :	V	Cable terra:	mm ²		
Sección :	mm ²	Diferencial:	mA		
CARACTERÍSTICAS TERREO E FUNDACIÓN			DISPOSITIVOS DE SEGURIDADE		
Terreo :	Kg/cm ²				
Soleira da fundación:					
	x	x	m		
					<ul style="list-style-type: none"> • Limitador de par de elevación e distribución. • Limitador de percorrido de elevación. • Limitador de carga máxima. • Limitador de alcance. • Limitador de xiro. • <input type="checkbox"/> Dispositivo de posta en catavento.

D.

CERTIFICA:

1. Que a instalación cumpre coa Instrución técnica complementaria ITC MIE AEM-2 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención.
2. Que na área de varrido da pluma e da carga suspendida terá un espazo de seguridade horizontal e vertical, segundo o establecido na Norma UNE 58-101-92 parte 2, en especial a liñas eléctricas.
3. Que realizou a inspección regulamentaria do guindastre un organismo de control autorizado.
4. Que se dispón das cargas de comprobación (Pmax., 0,1 Pmax., Ppunta e 0,1 Ppunta ou na posición máis afastada) e que se lle entregou o Manual de instrucións de utilización ao responsable da obra D.

..... de de

(sinatura do técnico titulado competente da empresa instaladora)

ANEXOS:

- ◇ Ficha técnica do guindastre.
- ◇ Declaración CE de conformidade ou certificado de fabricación.
- ◇ Planos de situación e de localización.
- ◇ Informe de inspección dun OCA (última en vigor).
- ◇ Documento de entrega do guindastre asinado pola empresa instaladora e o usuario.
- ◇ Contrato de conservación con empresa autorizada, para todo o tempo de permanencia do guindastre no lugar.
- ◇ Outros:

Dezaseis. O número 3 do anexo VI do Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, queda substituído polo seguinte:

«3. Requisitos para a obtención do carné.

A obtención do carné pódese realizar por dúas vías. Por un lado, requirirá a concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- c) A superación dun curso teórico-práctico impartido por unha entidade acreditada polo órgano competente da comunidade autónoma onde se realice o curso.
- d) A superación dun exame realizado polo órgano competente da comunidade autónoma onde se realizou o curso indicado no parágrafo anterior.

Por outro lado, obterase directamente o carné de guindastrista ou operador de guindastre torre cando se dispoña dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento de aparellos de elevación e a súa manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e desta instrución técnica complementaria.

En ambos os casos, superarase un exame médico sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva e aptitudes psicolóxicas.»

Artigo noveno. *Modificación do Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.*

Modifícase o Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados, nos termos que se sinalan:

Un. Engádesse unha disposición adicional primeira ao Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, co seguinte teor:

«Disposición adicional primeira. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente inscritos noutro Estado.*

Cando a empresa conservadora que se establece ou exerce a actividade en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro no cal xa estea establecido, considerárase cumprida a exigencia establecida na letra c) do artigo 5.10 da Instrución técnica complementaria aprobada por este Real decreto 837/2003, do 27 de xuño. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, a empresa conservadora deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exigidas. No caso de seguros ou outras garantías inscritos con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptáranse para efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional segunda ao Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, co contido seguinte:

«Disposición adicional segunda. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas conservadoras aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Tres. Engádesse unha disposición adicional terceira ao Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para os efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se lle subministrarán ao indicado rexistro, e que estará dispoñible na sede electrónica do dito ministerio.

Catro. Engádesse unha disposición adicional cuarta ao Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, que terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Obrigas en materia de información e reclamacións.*

As empresas conservadoras deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Cinco. Os números 4.1 e 4.2 da Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» quedan redactados como segue:

«1. Antes de que se realice a primeira utilización do guindastre móbil autopropulsado, o seu titular deberá presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique o seu domicilio social ou, se é o caso, onde desexe realizar a primeira utilización do guindastre móbil autopropulsado en territorio español, unha declaración de adecuación individualizada do parque de guindastres móbiles autopropulsados que integren a empresa ou que se vaian empregar.

Estas declaracións de adecuación, no caso de guindastres que non están en posesión da marca «CE», conterán como mínimo a información indicada no anexo II, incluíndo para o resto dos guindastres unicamente as alíneas a) e b) do sinalado anexo II e a declaración «CE» de conformidade.

As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Apresentación da declaración de adecuación realizada ante o órgano competente da comunidade autónoma habilita, desde o momento da súa presentación, para a utilización do guindastre móbil autopropulsado en todo o ámbito estatal.

2. O órgano competente da dita comunidade autónoma rexistrará a declaración «CE» de conformidade ou a declaración de adecuación do guindastre asignándolle un número de identificación, o cal se deberá conservar para posteriores inspeccións periódicas e outras comprobacións que foren pertinentes.

A comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio os datos necesarios para a inclusión do guindastre móbil autopropulsado no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Seis. O número 5 da Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» queda redactado como segue:

«5. Mantemento e revisións.

1. Os guindastres móbiles autopropulsados obxecto desta instrución técnica complementaria serán revisados de acordo co establecido polo fabricante do guindastre móbil ou dos conxuntos incorporados a el, nos manuais específicos para revisión e mantemento, cumprindo o establecido no capítulo 5 da Norma UNE 58-508-78.

O mantemento e revisións dos guindastres serán responsabilidade do propietario.

2. As revisións efectuaranas as empresas conservadoras que cumpran o establecido nos artigos 10 e 12 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro.

3. Antes de comezar as súas actividades como empresas conservadoras, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria e o seu regulamento correspondente, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que as operacións de revisión dos guindastres se efectúan de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

4. As empresas conservadoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que se exigen por esta instrución técnica complementaria e o seu regulamento correspondente, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que as operacións de revisión dos guindastres se efectúan de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

5. As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a

Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

6. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

7. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa conservadora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

8. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración, habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

9. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

10. As empresas conservadoras cumprirán os seguintes requisitos:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa conservadora, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.

b) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade.

c) Contar con persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade e en número suficiente para atender todos os guindastres que deban conservar.

d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo cunha cobertura mínima, por sinistro, de 1.000.000 de euros. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

11. A empresa conservadora habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por ela mesma.

12. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

13. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial, regulado no título IV

da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

14. As revisións que deba efectuar a empresa conservadora realizaranse, como mínimo, cada seis meses, conforme as prescricións da norma UNE 58-508-78, e deberá quedar reflectido o resultado desta revisión no libro historial do guindastre móbil autopropulsado.»

Sete. O número 3 do anexo VII do Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, queda redactado como segue:

«3. Requisitos para a obtención do carné.

A obtención do carné pódese realizar por dúas vías. Por un lado, requirirá a concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- b) Ter cumpridos os 18 anos no momento de realizar a solicitude do curso que se cita na alínea c).
- c) Superar un curso teórico-práctico impartido por unha entidade acreditada polo órgano competente da comunidade autónoma.
- d) Superar un exame teórico-práctico realizado polo órgano competente da comunidade autónoma en que radique a entidade que impartiu o curso.

Por outro lado, obterase directamente o carné de operador de guindastre móbil autopropulsado cando se dispoña dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento de aparellos de elevación e a súa manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e desta instrución técnica complementaria.

En ambos os casos, supererá un exame médico, psicotécnico e físico, específico para este tipo de actividades, que inclúe exame sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva.»

Artigo décimo. *Modificación do Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.*

Modifícase o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, aprobado polo Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, nos termos seguintes:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 4, que queda redactado como segue:

«2. O referido proxecto, que será redactado e asinado por un técnico titulado competente, deberá indicar, de acordo co Regulamento de instalacións de protección contra incendios, aprobado polo Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, e coa Orde do 16 de abril de 1998, os materiais, aparellos, equipamentos, sistemas ou os seus compoñentes suxeitos a marca, de conformidade con normas, incluídos no proxecto.

Indicarase, así mesmo, a clase ou nivel de comportamento ante o lume dos produtos da construción que así o requiran.»

Dous. Modifícase o artigo 5, que queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Posta en marcha do establecemento industrial.*

Para a posta en marcha dos establecementos industriais a que se refire o artigo anterior, requírese a presentación, ante o órgano competente da comunidade autónoma, dun certificado, emitido por un técnico titulado competente, no cal se

poña de manifesto a adecuación das instalacións ao proxecto e o cumprimento das condicións técnicas e prescricións regulamentarias que correspondan, para rexistrar a referida instalación.

No dito certificado deberán figurar, ademais, o nivel de risco intrínseco do establecemento industrial, o número de sectores e o risco intrínseco de cada un deles, así como as características construtivas que xustifiquen o cumprimento do disposto no anexo II; incluírá, ademais, un certificado da/s empresa/s instaladora/s habilitada/s, asinado polo técnico titulado competente respectivo, das instalacións que conforme o Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, requiran ser realizadas por unha empresa instaladora habilitada.»

Artigo décimo primeiro. *Modificación do Real decreto 365/2005, do 8 de abril, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos».*

Modifícase o Real decreto 365/2005, do 8 de abril, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», nos termos seguintes:

Un. Substitúense en todo o texto as expresións:

- a) «empresa instaladora autorizada de PPL» por «empresa instaladora de PPL»,
- b) «empresa reparadora autorizada de PPL» por «empresa reparadora de PPL»,
- c) «empresa autorizada» por «empresa»,
- d) «instalador autorizado» por «instalador» e
- e) «reparador autorizado» por «reparador».

Dous. Engádesse unha disposición adicional primeira ao Real decreto 365/2005, do 8 de abril, co seguinte teor:

«Disposición adicional primeira. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente subscritos noutro Estado.*

Cando a empresa instaladora ou reparadora de PPL que se establece ou exerce a actividade en España, xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro en que xa estea establecido, considerarase cumprida a exigencia establecida na alínea c) do número 5.8 da ITC aprobada por este real decreto. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, a empresa instaladora ou reparadora de PPL deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exixidas. No caso de seguros ou outras garantías subscritos con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptaranse para efectos de acreditación os certificados emitidos por elas.»

Tres. Engádesse unha disposición adicional segunda ao Real decreto 365/2005, do 8 de abril, co contido seguinte:

«Disposición adicional segunda. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras ou reparadoras de PPL, aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional terceira ao Real decreto 365/2005, do 8 de abril, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se subministrarán ao indicado rexistro, e que estará dispoñible na sede electrónica do dito ministerio.»

Cinco. Engádesse unha disposición adicional cuarta ao Real decreto 365/2005, do 8 de abril, que terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Obrigas en materia de información e reclamacións.*

As empresas instaladoras e as reparadoras de PPL deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Seis. O número 1 da Instrución técnica complementaria MI-IP05 queda redactado como segue:

«1. Obxecto.—Esta instrución técnica complementaria (ITC) ten por obxecto establecer as condicións e requisitos que deben cumprir os instaladores ou reparadores e as empresas instaladoras ou reparadoras no ámbito do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro.»

Sete. Suprímense os números 2.2 e 2.3 da Instrución técnica complementaria MI-IP05.

Oito. O número 4 da Instrución técnica complementaria MI-IP05 queda redactado como segue:

«4. Instalador ou reparador de PPL.

O instalador de PPL nas súas diferentes categorías ou o reparador de PPL deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora ou reparadora de PPL, segundo corresponda, habilitada, e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, e para a categoría que corresponda das establecidas no número 3 anterior, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e desta instrución técnica complementaria;

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e desta instrución técnica complementaria;

c) Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos mínimos que se indican nos apéndices II, III ou IV, segundo corresponda, desta instrución técnica complementaria;

d) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e desta instrución técnica complementaria;

e) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican nos apéndices II, III ou IV, segundo corresponda, desta instrución técnica complementaria.»

Nove. O número 5 da Instrución técnica complementaria MI-IP05 queda redactado como segue:

«5. Empresas instaladoras ou reparadoras.

5.1 Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras ou reparadoras de PPL, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría vai desempeñar a actividade, que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución ou reparación das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento de instalacións petrolíferas e nas súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

5.2 As empresas instaladoras ou reparadoras de PPL legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría vai desempeñar a actividade, que cumpre os requisitos que exige esta ITC, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución ou reparación das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento de instalacións petrolíferas e nas súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

5.3 As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

5.4 O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

5.5 De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora ou reparadora de PPL, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

5.6 Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

5.7 Calquera feito que supoña a modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

5.8 As empresas instaladoras ou reparadoras de PPL cumprirán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora ou reparadora de PPL, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.

b) Contar cos medios técnicos e humanos mínimos necesarios para realizar as súas actividades en condicións de seguridade, que se determinan no apéndice I desta instrución para as respectivas categorías.

c) Subscribir un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo por unha contía mínima de 300.000 euros para a categoría I e de 600.000 euros para as categorías II e III. Estas contías mínimas actualizaranse por orde do ministro de industria, Turismo e Comercio, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

5.9 A empresa instaladora ou reparadora de PPL habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por ela mesma.

5.10 O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

5.11 O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Dez. Suprímense os números 6, 8.1 e 8.2 da Instrución técnica complementaria MI-IP05.

Once. O número 8.5 da Instrución técnica complementaria MI-IP05 queda redactado como segue:

«8.5 Emitir os preceptivos certificados de instalación ou reparación de PPL, así como de revisión que se fixen nas regulamentacións vixentes. Estes documentos serán subscritos por un instalador ou reparador de PPL da categoría que corresponda, en función da actividade desenvolvida, que pertenza á empresa instaladora ou reparadora.

A empresa non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por ela mesma.»

Doce. Suprímese o número 8.8 da Instrución técnica complementaria MI-IP05.

Trece. O apéndice I queda redactado da maneira seguinte:

«APÉNDICE I

Medios mínimos, técnicos e humanos, requiridos para as empresas instaladoras ou reparadoras de PPL

1. Medios humanos:

Persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade, cun mínimo dun instalador ou reparador de PPL de categoría igual ou superior a cada unha das categorías da empresa instaladora ou reparadora de PPL. No caso de que unha mesma persoa teña as ditas categorías, bastará para cubrir este requisito.

2. Medios técnicos:

2.1. Categoría I: dispor dos medios técnicos adecuados para o desenvolvemento das súas actividades en condicións de seguridade.

2.2. Categoría II: dispor dos medios técnicos adecuados para o desenvolvemento das súas actividades en condicións de seguridade.

2.3. Categoría III:

a) Dispor dos medios técnicos adecuados para o desenvolvemento das súas actividades en condicións de seguridade, con especial mención dos condicionantes do informe UNE 53 991.

b) Ter presentado ante o órgano competente da comunidade autónoma o procedemento de reparación ou sistemas para realizar a reparación, de acordo co establecido nas instrucións técnicas complementarias do Regulamento de instalacións petrolíferas.»

Catorce. O título do apéndice II queda redactado como segue:

«Coñecementos teórico-prácticos- Categoría I»

Quince. O punto B.3 do apéndice II queda redactado como segue:

«B.3 Realización práctica dunha instalación con tanque, equipamento de trasfega e equipamento de medida.»

Dezaseis. O título do apéndice III queda redactado como segue:

«Coñecementos teórico-prácticos- Categoría II»

Dezasete. O punto B.3 do apéndice III queda redactado como segue.

«B.3 Realización práctica dunha instalación con tanque, equipamento de trasfega e equipamento de medida.»

Dezaioito. O título do apéndice IV queda redactado como segue:

«Coñecementos teórico-prácticos- Categoría III»

Artigo décimo segundo. *Modificación do Real decreto 888/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido de nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa.*

Modifícase o Regulamento sobre almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido de nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa, aprobado polo Real decreto 888/2006, do 21 de xullo, nos termos que se indican a continuación:

Un. O artigo 3 queda modificado como segue:

«Artigo 3. *Comunicación de instalacións.*

1. Para a instalación, ampliación, modificación ou traslado das instalacións referidas no artigo 1, destinadas a conter fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento, o titular presentará ante o órgano competente da comunidade autónoma, correspondente á localización da instalación, un proxecto asinado por un técnico titulado competente. O proxecto redactarase de conformidade co previsto na instrución técnica complementaria (ITC).

Nos casos de ampliación, modificación ou traslado o proxecto referirase ao ampliado, modificado ou trasladado e ao que, como consecuencia, resulte afectado. Os documentos mínimos do proxecto poderanse simplificar proporcionalmente ao obxecto do proxecto, sen detrimento da seguridade e sen prexuízo de que o órgano competente da comunidade autónoma lle requira documentación complementaria.

Tamén se porá de manifesto o cumprimento das especificacións exixidas por outras disposicións legais que os afecten.

2. Finalizadas as obras de execución das instalacións, o titular comunicará a posta en servizo ao órgano competente da comunidade autónoma presentando, ademais, a seguinte documentación:

a) Certificación subscrita polo técnico titulado director de obra, na cal se faga constar, baixo a súa responsabilidade, que as instalacións se executaron e probaron, de acordo co proxecto presentado, así como que cumpren as prescricións contidas neste regulamento e na súa instrución técnica complementaria.

b) Xuntaranse igualmente os documentos que poñan de manifesto o cumprimento das exixencias formuladas polas demais disposicións legais que afecten a instalación.

3. A comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio os datos necesarios para a inclusión da instalación no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Artigo décimo terceiro. *Modificación do Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 A 11.*

Modifícase o Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 A 11, nos termos que figuran a continuación:

Un. Substitúense en todo o texto as expresións:

- a) «empresa instaladora autorizada» por «empresa instaladora»,
- b) «instalador autorizado» por «instalador».

Dous. Modifícase o título da disposición adicional única, que pasa a titularse disposición adicional primeira.

Tres. Engádesse unha disposición adicional segunda co seguinte teor:

«Disposición adicional segunda. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente subscritos noutro Estado.*

Cando a empresa instaladora de gas que se establece ou exerce a actividade en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro en que xa estea establecido, considerárase cumprida a exigencia establecida nos números 3.8.1 c), 3.8.2 c) e 3.8.3 c) da ITC-ICG 09 aprobada por este real decreto. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, a empresa instaladora de gas deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exixidas. No caso de seguros ou outras garantías subscritos con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptaranse para efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional terceira, co contido seguinte:

«Disposición adicional terceira. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras de gas, aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Cinco. Engádesse unha disposición adicional cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para os efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se subministrarán ao indicado rexistro e que estará dispoñible na sede electrónica do dito ministerio.»

Seis. Engádesse unha disposición adicional quinta, co seguinte teor:

«Disposición adicional quinta. *Obrigas en materia de información e de reclamacións.*

As empresas instaladoras de gas deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Sete. As letras i), k) e q) do artigo 3 do Regulamento quedan redactadas como segue:

«j) Empresa instaladora de gas: persoa física ou xurídica que exerce as actividades de montaxe, reparación, mantemento e control periódico de instalacións de gas, cumprindo os requisitos establecidos na ITC-ICG 09 e tendo presentado a

correspondente declaración responsable de inicio de actividade segundo o prescrito na dita instrución técnica complementaria.»

«k) Entidade de certificación: a que cumpre a definición de «entidade de certificación» que figura no artigo 20 do Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro.»

«q) Instalador de gas: persoa física que, en virtude de posuír os coñecementos teórico-prácticos da tecnoloxía da industria do gas e da súa normativa, e cumprindo os requisitos establecidos na ITC-ICG 09, está capacitado para realizar e supervisar as operacións correspondentes á súa categoría.»

Oito. Modifícase o artigo 8 así como a súa referencia no índice do regulamento, que queda redactado do modo seguinte:

«8. Habilitación para operar en instalacións e aparellos de gas.

8.1 Empresas instaladoras de gas.—Cando así o exixa a correspondente instrución técnica complementaria, as instalacións executaranas empresas instaladoras de gas, habilitadas para o exercicio da actividade segundo o establecido na ITC-ICG 09, sen prexuízo do seu posible proxecto e dirección de obra por técnicos titulados competentes.

8.2 Instaladores de gas.—Os profesionais gasistas que realicen actividades como instaladores de gas deberán cumprir os requisitos establecidos no número 2 da ITC-ICG 09 deste regulamento.

8.3 Axentes de posta en marcha e adecuación de aparellos de gas.—Os profesionais gasistas que realicen actividades de posta en marcha e/ou adecuación de aparellos de gas deberán cumprir co disposto no número 5.3 da ITC-ICG 08.»

Nove. O número 5.3.2 da ITC-ICG 08 quedará redactado como segue:

«5.3.2 A adecuación de aparellos por cambio de familia de gas poderá ser realizada polo servizo técnico do fabricante sempre que posúa un sistema de calidade certificado, ou por instaladores de gas de categoría A ou B que cumpran os requisitos indicados no capítulo 4 da ITC-ICG 09. Para este fin, sempre se utilizarán compoñentes de características técnicas iguais ás aprobadas na certificación de tipo.»

Dez. O título e o primeiro parágrafo do número 2 da ITC-ICG 09, así como a súa referencia no índice, quedan redactados como segue:

«2. Instalador de gas.

Instalador de gas é a persoa física que, en virtude de posuír coñecementos teórico-prácticos da tecnoloxía da industria do gas e da súa normativa, está capacitado para realizar e supervisar as operacións correspondentes á súa categoría.

O instalador de gas deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora de gas habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira, no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control e para a categoría que corresponda das establecidas no número 2.2 seguinte, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos mínimos que se indican no anexo 1 desta instrución técnica complementaria;

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo 1 desta instrución técnica complementaria;

c) Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos mínimos que se indican no anexo 1 desta instrución técnica complementaria;

d) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias que se indican no anexo 1 desta instrución técnica complementaria;

e) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican no anexo 1 desta instrución técnica complementaria.»

Once. O número 2.1.2 da ITC-ICG 09 queda redactado como segue:

«2.1.2 En aparellos de gas.– Conexión á instalación de gas e montaxe, de acordo coa normativa vixente.

Posta en marcha de aparellos de gas, mantemento e reparación, de acordo co número 5.3 da ITC-ICG 08, excepto cando se trate de aparellos conducidos (aparellos de tipo B e C) de potencia útil superior a 24,4 kW, de vitrocerámicas de gas de lumes cubertos ou de adecuación de aparellos por cambio de familia de gas, para o cal os instaladores de gas deberán cumprir adicionalmente os requisitos establecidos no número 4 da presente instrución técnica complementaria.»

Doce. O oitavo parágrafo do número 2.2 da ITC-ICG 09 queda redactado como segue:

«Posta en marcha, mantemento e reparación de aparellos de gas conducidos (aparellos de tipo B e C) de potencia útil superior a 24,4 kW e vitrocerámicas de gas de lumes cubertos, que estean adaptados ao tipo de gas subministrado, cumprindo requisitos específicos, segundo se indica no número 2.1.2.»

Trece. O parágrafo décimo terceiro do número 2.2 da ITC-ICG 09 queda redactado como segue:

«Posta en marcha, mantemento e reparación de aparellos de gas conducidos (aparellos de tipo B e C) de potencia útil superior a 24,4 kW e vitrocerámicas de gas de lumes cubertos, que estean adaptados ao tipo de gas subministrado, cumprindo requisitos específicos, segundo se indica no número 2.1.2.»

Catorce. Suprímese o número 2.3 da ITC-ICG 09 así como a súa referencia no índice.

Quince. Suprímese o número 2.4 da ITC-ICG 09 así como a súa referencia no índice.

Dezaseis. O número 3 da ITC-ICG 09, así como as súas referencias no índice, quedan redactados nos seguintes termos:

«3. Empresa instaladora de gas.

Empresa instaladora de gas é a persoa física ou xurídica que exerce as actividades de montaxe, reparación, mantemento e control periódico de instalacións de gas, cumprindo os requisitos establecidos nesta instrución técnica complementaria.

As competencias dunha empresa instaladora de gas serán idénticas ás que se indican no número 2 desta instrución técnica complementaria para os instaladores de gas da mesma categoría.

3.1 Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras de gas, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán

presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría vai desempeñar a actividade e, se é o caso, se vai realizar as actividades de posta en marcha, mantemento, reparación e/ou adecuación de aparellos, que cumpre os requisitos correspondentes que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e nas súas instrucións técnicas complementarias.

3.2 As empresas instaladoras de gas legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría vai desempeñar a actividade e, se é o caso, se vai realizar as actividades de posta en marcha, mantemento, reparación e/ou adecuación de aparellos, que cumpre os requisitos correspondentes que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e nas súas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

3.3 As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

3.4 O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

3.5 De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora de gas, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

3.6 Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

3.7 Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

3.8 As empresas instaladoras de gas cumprirán o seguinte:

3.8.1 Requisitos para a categoría A:

- a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora de gas, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.
- b) Contar con persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade, cun mínimo dun instalador de gas de categoría A.
- c) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo por un importe mínimo de 900.000 euros por sinistro. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía.
- d) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade.

3.8.2 Requisitos para a categoría B:

- a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora de gas, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.
- b) Contar con persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade, cun mínimo dun instalador de gas de categoría B.
- c) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo por un importe mínimo de 600.000 euros por sinistro. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía.
- d) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade.

3.8.3 Requisitos para a categoría C:

- a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora de gas, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.
- b) Contar con persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade, cun mínimo dun instalador de gas de categoría C.
- c) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo por un importe mínimo de 300.000 euros por sinistro. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía.
- d) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade.

3.9 A empresa instaladora de gas habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de instalación non realizadas por ela mesma.

3.10 O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

Non obstante, en caso de grave infracción, o órgano competente da comunidade autónoma poderá suspender cautelarmente as actuacións dunha empresa instaladora de gas, mentres se resolva o expediente, por un período non superior a tres meses.

3.11 O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

3.12 Obrigas das empresas instaladoras de gas.—Serán obrigas das empresas instaladoras de gas:

- a) Presentar a declaración responsable que se establece nos números 3.1 e 3.2 anteriores.
- b) Cumprir coas condicións mínimas establecidas para a categoría en que se encontre inscrita.
- c) Ter vixente, en todo momento, o seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente
- d) Empregar, para a execución dos traballos, instaladores de gas da categoría correspondente co tipo de operación que se vai realizar, que poderán ser auxiliados por operarios especialistas capacitados.
- e) A correcta execución, montaxe, modificación, mantemento, revisión e reparación das instalacións de gas, así como a inspección periódica das instalacións receptoras de gas alimentadas desde redes de distribución, de acordo coas prescricións regulamentarias.
- f) Efectuar as probas e ensaios regulamentarios baixo a súa directa responsabilidade ou, se for o caso, baixo o control e responsabilidade do técnico director de obra.
- g) Emitir os certificados regulamentarios.
- h) Asistir ás inspeccións iniciais das instalacións establecidas polo regulamento, ou ás realizadas pola Administración, se for requirido polo procedemento.
- i) Garantir, durante un período de catro anos, as deficiencias atribuídas a unha mala execución das operacións que lles fosen encomendadas, así como das consecuencias que delas deriven.
- j) Manter un rexistro dos certificados emitidos, á disposición dos órganos competentes das comunidades autónomas.»

Dezasete. O número 4 da ITC-ICG 09 así como as súas referencias no índice quedan redactados nos seguintes termos:

«4. Requisitos adicionais dos instaladores para a posta en marcha, mantemento, reparación e adecuación de aparellos.

4.1 Para poder realizar a súa actividade, o instalador que pretenda realizar operacións de posta en marcha, mantemento e reparación de aparellos de gas conducidos (aparellos de tipo B e C) de máis de 24,4 kW de potencia útil ou de vitrocerámicas de gas de lumes cubertos, de acordo co indicado no número 5.3 da ITC-ICG 08, deberá cumprir e terá que poder acreditar ante a Administración

competente, cando esta así o requira, no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- a) Posuír acreditación do fabricante para tal fin;
- b) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos que se indican nos números 1 ao 17 do anexo 2 desta instrución técnica complementaria;
- c) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos que se indican nos puntos 1 ao 17 do anexo 2 desta instrución técnica complementaria;
- d) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias que se indican nos números 1 ao 17 do anexo 2 desta instrución técnica complementaria;
- e) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa os contidos que se indican nos números 1 ao 17 do anexo 2 desta instrución técnica complementaria.

4.2 Para poder realizar a súa actividade, o instalador de categoría A ou B que pretenda adecuar aparellos por cambio de familia de gas, de acordo co indicado no número 5.3 da ITC-ICG 08, deberá cumprir e terá que poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- a) Posuír acreditación do fabricante para tal fin, onde figure explicitamente o recoñecemento de tal capacidade;
- b) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos que se indican no anexo 2 desta instrución técnica complementaria;
- c) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos que se indican no anexo 2 desta instrución técnica complementaria;
- d) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias que se indican no anexo 2 desta instrución técnica complementaria;
- e) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa os contidos que se indican no anexo 2 desta instrución técnica complementaria.»

Dezaioito. O título e o índice do anexo 1 da ITC-ICG 09 quedan redactados como segue:

«Coñecementos mínimos necesarios para instaladores de gas

Índice

1. Instaladores de categoría A.

Coñecementos teórico-prácticos.
Coñecementos de regulamentación.

2. Instaladores de categoría B.

Coñecementos teórico-prácticos.
Coñecementos de regulamentación.

3. Instaladores de categoría C.

Coñecementos teórico-prácticos.
Coñecementos de regulamentación.»

Dezanove. Os títulos dos números 1.1, 1.2, 2.1, 2.2, 3.1 e 3.2 do anexo 1 da ITC-ICG 09 quedan redactados do modo que segue:

- «1.1 Coñecementos teórico-prácticos para o instalador de categoría A.»
- «1.2 Coñecementos de regulamentación para o instalador de categoría A.»
- «2.1 Coñecementos teórico-prácticos para o instalador de categoría B.»
- «2.2 Coñecementos de regulamentación para o instalador de categoría B.»
- «3.1 Coñecementos teórico-prácticos para o instalador de categoría C.»
- «3.2 Coñecementos de regulamentación para o instalador de categoría C.»

Vinte. Modifícanse os números 1.1.3, 2.1.3 e 3.1.3 do anexo 1 da ITC-ICG 09, que quedan redactados como segue:

- «1.1.3 Realización práctica dunha instalación de GLP mediante depósito fixo e rede de tubería até a instalación receptora.»
- «2.1.3 Realización práctica dunha instalación con gas canalizado e doutra con botellas de GLP.»
- «3.1.3 Realización práctica dunha instalación con gas canalizado e doutra con botellas de GLP.»

Vinte e un. Dáse nova redacción ao primeiro parágrafo do número 2.2 do anexo 1 da ITC-ICG 09:

«Os coñecementos de regulamentación para instalador de categoría B incluírán os coñecementos de regulamentación para instalador de categoría A con excepción do seguinte:»

Vinte e dous. A redacción do primeiro parágrafo do número 3.2 do anexo 1 da ITC-ICG 09 pasa a ser a seguinte:

«Os coñecementos de regulamentación para instalador de categoría C incluírán os coñecementos de regulamentación para instalador de categoría B con excepción do seguinte:»

Artigo décimo cuarto. *Modificación do Real decreto 1416/2006, do 1 de decembro, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MI-IP 06 «Procedemento para deixar fóra de servizo os tanques de almacenamento de produtos petrolíferos líquidos».*

Substitúense en todo o texto da Instrución técnica complementaria MI-IP 06 «Procedemento para deixar fóra de servizo os tanques de almacenamento de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 1416/2006, do 1 de decembro, as expresións «empresa reparadora autorizada» por «empresa reparadora» e «reparador autorizado» por «reparador».

Artigo décimo quinto. *Modificación do Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.*

Modifícase o Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09, como se indica a seguir:

Un. Substitúense en todo o texto as expresións:

- a) «instalador autorizado» por «instalador» e
- b) «empresa instaladora autorizada» por «empresa instaladora»

Dous. Engádesse unha disposición adicional primeira ao real decreto co seguinte teor:

«Disposición adicional primeira. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente subscritos noutro Estado.*

Cando a empresa instaladora de liñas de alta tensión que se establece ou exerce a actividade en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro en que xa estea establecido, considerarase cumprida a exigencia establecida na letra c) do artigo 6.8 da ITC-LAT 03 aprobada por este real decreto. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, a empresa instaladora deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exixidas. No caso de seguros ou doutras garantías subscritos con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptaranse para os efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.»

Tres. Engádesse unha disposición adicional segunda ao real decreto, cuxa redacción é a seguinte:

«Disposición adicional segunda. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras, aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional terceira ao real decreto, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para os efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se subministrarán ao indicado rexistro, e que estará dispoñible na sede electrónica do dito ministerio.»

Cinco. Engádesse unha disposición adicional cuarta, que terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Obrigas en materia de información e de reclamacións.*

As empresas instaladoras deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Seis. O número 1 do artigo 13 do regulamento queda redactado como segue:

«1. Será obrigatoria a presentación de proxecto subscrito por técnico titulado competente para a realización de toda clase de liñas de alta tensión a que se refire este regulamento.»

Sete. O primeiro parágrafo do artigo 16 do regulamento queda redactado como segue:

«As empresas de transporte e distribución de enerxía eléctrica que realicen as actividades de construción ou mantemento de liñas eléctricas da súa propiedade por medios propios non precisan presentar a declaración responsable segundo o establecido na ITC-LAT 03, por entenderse para os efectos deste regulamento que as ditas empresas de transporte e distribución contan coa capacidade técnica acreditada suficiente para a realización das citadas actividades. En calquera caso, as empresas de transporte e distribución de enerxía deberán cumprir, en cada momento, as condicións regulamentarias establecidas para a execución e mantemento das súas liñas eléctricas, incluída a súa posta en funcionamento.»

Oito. O artigo 19 do regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 19. *Empresas instaladoras de liñas de alta tensión.*

As liñas eléctricas de alta tensión que non sexan propiedade de empresas de transporte e distribución de enerxía eléctrica executaranas empresas instaladoras que reúnan os requisitos e condicións establecidos na ITC-LAT 03 e presentasen a correspondente declaración responsable de inicio de actividade segundo o prescrito no número 6 da dita ITC.

De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.»

Nove. Substitúense o título e o índice da ITC-LAC 03 nos seguintes termos:

«Instaladores e empresas instaladoras de liñas de alta tensión.

0. Índice.

1. Obxecto.

2. Instalador e empresa instaladora para liñas de alta tensión.

3. Clasificación dos instaladores e das empresas instaladoras de liñas de alta tensión.

4. Instalador de liñas de alta tensión.

6. Empresa instaladora de liñas de alta tensión.

7. Obrigas das empresas instaladoras.

Anexo 1. Medios mínimos, técnicos e humanos requiridos ás empresas instaladoras de liñas de alta tensión.

Anexo 2. Coñecementos mínimos necesarios para instaladores de liñas de alta tensión.»

Dez. O número 1 da ITC-LAT 03 queda redactado como segue:

«1. A presente instrución técnica complementaria ten por obxecto desenvolver as previsións do regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, establecendo as condicións e requisitos que deben cumprir os instaladores e as empresas instaladoras no ámbito de aplicación do dito regulamento.»

Once. O número 2 da ITC-LAT 03 queda redactado como segue:

«2. Instalador e empresa instaladora de liñas de alta tensión.

2.1 Instalador de liñas de alta tensión é a persoa física que posúe coñecementos teórico-prácticos da tecnoloxía das liñas de alta tensión e da súa normativa, en particular os coñecementos mínimos establecidos no anexo 2 desta ITC, para a montaxe, reparación, mantemento, revisión e desmontaxe das liñas de alta tensión correspondentes á súa categoría, e que cumpre os requisitos establecidos no número 4 desta ITC.

2.2 Empresa instaladora en liñas de alta tensión é toda persoa física ou xurídica que, exercendo as actividades de montaxe, reparación, mantemento, revisión e desmontaxe de liñas de alta tensión, cumpre os requisitos desta instrución técnica complementaria.»

Doce. O número 3 da ITC-LAT 03 queda redactado como segue:

«Os instaladores e as empresas instaladoras clasifícanse nas seguintes categorías:

LAT1: para liñas aéreas ou subterráneas de alta tensión de até 30 kV.

LAT2: para liñas aéreas ou subterráneas de alta tensión sen límite de tensión.»

Trece. O número 4 da ITC-LAT 03 queda redactado como segue:

«4. Instalador de liñas de alta tensión.

O instalador de liñas de alta tensión deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora de liñas de alta tensión habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, e para a categoría que corresponda das establecidas no número 3 anterior, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas instrucións técnicas complementarias.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas instrucións técnicas complementarias.

c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas instrucións técnicas complementarias.»

Catorce. Suprímese o número 5 da ITC-LAT 03.

Quince. O número 6 da ITC-LAT 03 queda redactado como segue:

«6. Empresa instaladora de liñas de alta tensión.

6.1 Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras de liñas de alta tensión, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o representante legal desta declare para que categoría vai desempeñar a actividade,

que cumpre os requisitos que exigen esta ITC, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e nas súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

6.2 As empresas instaladoras de liñas de alta tensión legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español, deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o representante legal desta declare para que categoría vai desempeñar a actividade, que cumpre os requisitos que exige esta ITC, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e nas súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

6.3 As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

6.4 O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

6.5 De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

6.6 Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite

temporalmente para o exercicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

6.7 Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

6.8 As empresas instaladoras cumprirán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.

b) Contar cos medios técnicos e humanos mínimos necesarios para realizar as súas actividades nas condicións de seguridade que se determinan no anexo I da presente instrución técnica complementaria, para as respectivas categorías, de acordo coa normativa vixente e coas necesidades das actividades que van realizar.

c) Ter subscrito seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo por unha contía mínima dun millón de euros. Esta contía mínima actualízase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

6.9 A empresa instaladora habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de instalación non realizadas por ela mesma.

6.10 O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

6.11 O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Dezaseis. O número 1 do anexo 1 da ITC-LAT 03 queda redactado como segue:

«1. Medios humanos.

1.1 Persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguridade, cun mínimo dun instalador de liñas de alta tensión de categoría igual a cada unha das categorías da empresa instaladora. No caso de que unha mesma persoa posúa as ditas categorías, bastará para cubrir este requisito.»

Dezasete. Suprímese o número 2.1 do anexo 1 da ITC-LAT 03.

Dezaioito. O título do anexo 2 da ITC-LAT 03 queda redactado como segue:

«Coñecementos mínimos necesarios para instaladores de liñas de alta tensión»

Dezanove. Modifícanse os títulos dos números 1 e 2 do anexo 2 da ITC-LAT 03 que quedan redactados do seguinte modo:

- «1. Coñecemento teóricos.
2. Coñecementos prácticos.»

Artigo décimo sexto. *Modificación do Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias.*

Modifícase o Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias nos seguintes termos:

Un. A alínea g) da disposición adicional primeira do Real decreto 2068/2008, do 12 de decembro, queda redactado como segue:

«g) Para modificar de forma importante un equipamento de presión da letra «a» que se asimile ás categorías I á IV a que se refiren o artigo 9 e o anexo II do Real decreto 769/1999, do 7 de maio, será necesaria a presentación, ante o órgano competente da comunidade autónoma, dun proxecto técnico asinado por técnico competente, no cal se xustificuen os cálculos de resistencia mecánica e os accesorios de seguridade adoptados, xunto cos correspondentes planos. A este proxecto deberá xuntarse un certificado de conformidade emitido por un organismo de control autorizado.

Tras a execución da modificación deberá ser emitido un certificado de dirección técnica por un técnico titulado competente.

En caso de que a modificación non sexa considerada como importante de acordo cos criterios do artigo 8 do Regulamento de equipamentos de presión ou da correspondente instrución técnica complementaria, cumpriranse os requisitos indicados para as reparacións no artigo 7 do mesmo regulamento.

Non terán a consideración de modificacións as indicadas no artigo 8.3 do Regulamento de equipamentos de presión.

En calquera caso, os novos elementos que se incorporen no equipamento de presión deberán cumprir co establecido no Real decreto 769/1999, do 7 de maio.»

Dous. A disposición adicional segunda.1 a) do Real decreto 2068/2008, do 12 de decembro, queda redactado como segue:

«a) Proxecto de deseño asinado por técnico titulado competente.»

Tres. Engádesse unha disposición adicional sexta ao Real decreto 2068/2008, do 12 de decembro, que terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente subscritos noutro Estado.*

Cando a empresa instaladora ou reparadora de equipamentos de presión que se establece ou exerce a actividade en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro en que xa estea establecido, considerarase cumprida a exixencia establecida no anexo I do Regulamento aprobado por este real decreto. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, a empresa instaladora ou reparadora de equipamentos de presión deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exixidas. No caso de seguros ou doutras garantías subscritos con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptaranse para efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional sétima ao Real decreto 2068/2008, do 12 de decembro, co seguinte teor:

«Disposición adicional sétima. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras ou reparadoras de equipamentos de presión, aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Cinco. Engádesse unha disposición adicional oitava ao Real decreto 2068/2008, do 12 de decembro, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se subministrarán ao indicado rexistro e que estará dispoñible na sede electrónica do dito ministerio.»

Seis. Engádesse unha disposición adicional novena ao Real decreto 2068/2008, do 12 de decembro, cuxa redacción será a seguinte:

«Disposición adicional novena. *Obrigas en materia de información e de reclamacións.*

As empresas instaladoras e as reparadoras de equipamentos de presión deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Sete. Suprímese a alínea j) do artigo 2 do regulamento.

Oito. O número 3 do artigo 3 do regulamento queda redactado da maneira seguinte:

«3. As empresas instaladoras de equipamentos de presión, para poderen realizar as actividades indicadas neste regulamento, deberán estar habilitadas para o exercicio da actividade segundo o establecido no anexo I.

Así mesmo, poderanse habilitar os fabricantes ou os usuarios dos equipamentos de presión, se xustifican o cumprimento das condicións establecidas para as empresas instaladoras.»

Nove. O primeiro parágrafo do artigo 4.1 do Regulamento queda redactado do modo seguinte:

«1. As instalacións requirirán a presentación dun proxecto técnico realizado por técnico competente, ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente, de acordo cos criterios indicados no anexo II deste regulamento.»

Dez. O primeiro parágrafo do artigo 4.2 queda redactado do modo seguinte:

«2. A instalación de equipamentos de presión das categorías I á IV a que se refire o artigo 9 e anexo II, do Real decreto 769/1999, do 7 de maio, ou asimilados ás ditas categorías segundo o artigo 3.2, deberana realizar empresas instaladoras de equipamentos de presión habilitadas, de acordo coa categoría necesaria para cada tipo de instalación.»

Once. O número 1 do artigo 7 do regulamento queda redactado da maneira seguinte:

«1. As reparacións que afecten as partes sometidas a presión dos equipamentos das categorías I á IV a que se refiren o artigo 9 e o anexo II do Real decreto 769/1999, do 7 de maio, ou asimilados ás ditas categorías segundo o artigo 3.2, deberán ser realizadas por empresas reparadoras de equipamentos de presión habilitadas para o exercicio da actividade segundo o establecido no anexo I deste regulamento.

Non obstante o anterior, poderanse habilitar para a realización de reparacións as empresas que declaren ter construído o dito equipamento e dispor da documentación que así o acredita, ou os usuarios que xustifiquen o cumprimento das condicións establecidas para as empresas reparadoras de equipamentos de presión.»

Doce. Modifícase o número 1 do anexo I do regulamento, que queda redactado como segue:

«1. Habilitación de empresas instaladoras de equipamentos de presión.

1.1 Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras de equipamentos de presión, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige este regulamento e as correspondentes ITC, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan nas respectivas instrucións técnicas complementarias.

1.2 As empresas instaladoras de equipamentos de presión legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige este regulamento e as correspondentes instrucións técnicas complementarias, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan nas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

1.3 As empresas deberán incluír na súa declaración responsable os seguintes datos:

a) Indicación, se for o caso, da dispoñibilidade de acreditacións da empresa (sistema de calidade, autorizacións de fabricantes, etc.).

b) Indicación da marca do punzón ou tenaces para a precintaxe de válvulas de seguridade.

1.4 As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

1.5 O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

1.6 De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa instaladora de equipamentos de presión, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

1.7 Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

1.8 Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

1.9 As empresas instaladoras de equipamentos de presión clasificaranse en dúas categorías:

Categoría EIP-1: con capacidade para realizar instalacións que non requiran proxecto.

As empresas instaladoras da categoría EIP-1 cumprirán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.

b) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade.

c) Contar con persoal contratado que realice a súa actividade en condicións de seguridade. Tanto os responsables da empresa como o persoal do seu cadro que realiza as instalacións deberán coñecer este regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias.

d) Dispor das acreditacións do persoal para a realización de unións permanentes e dos correspondentes procedementos de actuación. En caso de utilizar exclusivamente sistemas de unión non permanentes, na acreditación da empresa deberá figurar esta limitación.

e) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo de polo menos 300.000 euros por sinistro. Esta contía actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Categoría EIP-2: con capacidade para realizar instalacións con equipamentos de presión que requiran proxecto, así como as indicadas para a categoría EIP-1.

As empresas instaladoras da categoría EIP-2 cumprirán o seguinte:

- a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora, que no caso de persoa xurídica deberá estar constituída legalmente.
- b) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguridade.
- c) Contar con persoal contratado que realice a súa actividade en condicións de seguridade, cun mínimo dun técnico titulado competente, que será o responsable técnico. Tanto os responsables da empresa como o persoal do cadro que realiza as instalacións deberán coñecer este regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias.
- d) Dispor das acreditacións do persoal para a realización de unións permanentes e dos correspondentes procedementos de actuación. En caso de utilizar exclusivamente sistemas de unión non permanentes, na acreditación da empresa deberá figurar esta limitación.
- e) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo de polo menos 600.000 euros por sinistro. Esta contía mínima actualízase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

1.10 A empresa instaladora de equipamentos de presión habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de instalacións non realizadas por ela mesma.

1.11 O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

1.12 O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Trece. Modifícase o número 2 do anexo I do regulamento, que queda redactado como segue:

«2. Habilitación de empresas reparadoras de equipamentos de presión.

2.1 Antes de comezar as súas actividades como empresas reparadoras de equipamentos de presión, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige este regulamento e as correspondentes instrucións técnicas complementarias, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución dos traballos de reparación se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan nas respectivas instrucións técnicas complementarias.

2.2 As empresas reparadoras de equipamentos de presión legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, previamente ao seu inicio, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige este regulamento e as correspondentes instrucións técnicas complementarias, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan nas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

2.3 As empresas deberán incluír na súa declaración responsable os seguintes datos:

- a) Indicación, se for o caso, da dispoñibilidade de acreditacións da empresa (sistema de calidade, autorizacións de fabricantes...).
- b) Indicación da marca do punzón ou tenaces para a precintaxe de válvulas de seguridade.

2.4 As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

2.5 O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

2.6 De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa reparadora de equipamentos de presión, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

2.7 Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite

temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

2.8 Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

2.9 As empresas reparadoras deberán cumprir os requisitos establecidos no número 1.9 deste anexo para a categoría EIP-2 e identificaranse coas siglas ERP-2.

Non obstante o anterior, para os equipamentos de presión de até categoría I do Real decreto 769/1999, do 7 de maio, ou asimilados á dita categoría de acordo co artigo 3.2 ou a disposición adicional primeira, as empresas reparadoras deberán cumprir os requisitos establecidos para as empresas instaladoras da categoría EIP-1. Estas empresas identificaranse coas siglas ERP-1.

2.10 A empresa reparadora de equipamentos de presión habilitada non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por ela mesma.

2.11 O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

2.12 O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Catorce. O número 3 do anexo I do regulamento queda redactado como segue:

«3. Obrigas

As empresas instaladoras e reparadoras de equipamentos de presión están obrigadas a:

3.1 Presentar a declaración responsable que se establece nos números 1 e 2 deste anexo.

3.2 Cumprir todos os requisitos e normas que se establecen nos números 1 e 2 anteriores e comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable calquera modificación dos datos declarados.

3.3 Realizar as instalacións, reparacións ou inspeccións periódicas de acordo co presente regulamento e emitir as correspondentes certificacións.

3.4 Dispor do correspondente libro ou rexistro, manual ou por medios electrónicos, onde se anoten as actuacións realizadas, indicando polo menos:

Data de actuación.

Usuario.

Tipo de actuación.

Identificación ou características de equipamento ou instalación.»

Quince. Suprímese o número 4 do anexo I do regulamento.

Dezaseis. O número 4.a) do anexo II do regulamento, queda redactado como segue:

«a) Certificado de dirección técnica emitido por técnico titulado competente, en caso de instalacións que requiran proxecto de instalación.»

Dezasete. Modifícase o número 4.b) do anexo II do regulamento, cuxo teor pasa a ser o seguinte:

«b) Certificado de instalación suscrito tanto pola empresa instaladora de equipamentos de presión habilitada como polo seu responsable técnico, en que se faga constar que os equipamentos cumpren o presente regulamento, que dispoñen das instrucións de todos os equipamentos (incluídos os mencionados no artigo 3.3 do Real decreto 769/1999, do 7 de maio), que se realizaron as probas requiridas, incluíndo, se for o caso, a correspondente proba hidrostática de resistencia dos elementos non probados e que o funcionamento é correcto.»

Dezaioito. O cuarto parágrafo do número 4 do anexo II do regulamento queda redactado como segue:

«Nas instalacións que requiran proxecto de instalación, o certificado de instalación será emitido e asinado polo técnico titulado competente da empresa EIP-2. Neste caso, o certificado de instalación poderá substituír o certificado de dirección técnica indicado na anterior alínea «a» se inclúe o indicado nos números 1 e 2 do anexo IV.»

Dezanove. Modifícanse as dúas primeiras notas do número 1 do anexo III do regulamento e a súa redacción pasa a ser como segue:

«Os extintores de incendios, como excepción, someteranse exclusivamente ás probas de nivel C cada cinco anos por empresas mantedoras habilitadas polo Regulamento de instalacións de protección contra incendios, aprobado polo Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, e terán unha vida útil de vinte anos a partir da data de fabricación.

Os recipientes frigoríficos, como excepción, ao non ter regulación expresa sobre inspeccións periódicas dos equipamentos de presión, serán inspeccionados por empresas instaladoras frigoristas habilitadas de acordo co Regulamento de seguridade para plantas e instalacións frigoríficas, aprobado polo Real decreto 3099/1977, do 8 de setembro, e non requiren a realización de inspeccións de nivel C, a non ser que o equipamento sufrise danos, estivese fóra de servizo por un tempo superior a dous anos, se cambie o fluído por outro de maior risco ou sufrise unha reparación.»

Vinte. O número 1 do anexo IV do regulamento queda redactado da maneira seguinte:

«1. Certificado de dirección técnica.

Identificación do técnico titulado competente, DNI ou NIE (no seu defecto número de pasaporte), e, se for o caso, colexio oficial a que pertence e n.º de colexiado.

Localización da instalación (titular, enderezo e N.º REI)

Características técnicas da instalación:

Identificación de todos os equipamentos de presión, denominación, PS, V, PT e clasificación.

Presión máxima de servizo da instalación (Pms) e fluído contido. Accesorios de seguridade e presión de precinto (Pp).

Se procede, outras características específicas segundo o tipo de equipamento (TS,...)

Que a instalación se realizou de acordo co proxecto (identificación do proxecto).

Que a instalación cumpre os requisitos regulamentarios, tras observar as indicacións do fabricante e realizar as probas no lugar en que está situada.

Que o seu funcionamento é correcto.

Identificación da documentación que se xunta.

Data e sinatura.»

Vinte e un. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 10 da ITC EP-1, que queda redactado como segue:

«As reparacións das partes sometidas a presión dos equipamentos ou conxuntos comprendidos na presente instrución técnica complementaria deberán realizalas empresas reparadoras habilitadas, segundo o artigo 7 do Regulamento de equipamentos de presión.»

Vinte e dous. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 11.2 da ITC EP-1, que queda redactado do seguinte modo:

«En calquera caso, nas transformacións por cambio de combustible deberase presentar un proxecto dun técnico titulado competente e o correspondente certificado de modificación, onde se xustifique a idoneidade do novo queimador, da cámara de combustión e que na placa tubular dos tubos do primeiro paso de gases nas caldeiras pirotubulares, ou na pantalla traseira do fogar nas acuotubulares, non se supere a temperatura límite do material permitida polo código de deseño. Así mesmo, nas caldeiras pirotubulares adecuarase o método de unión de tubo á placa tubular, segundo se indique no código de deseño para as novas condicións de funcionamento.»

Vinte e tres. O artigo 13.3 da ITC-EP-1 queda redactado como segue:

«1. As caldeiras da clase segunda, a que se fai referencia no artigo 3.2 da presente instrución técnica complementaria, de vapor ou de auga sobrequentada deberán ser conducidas por un operador industrial de caldeiras.

2. Para poder realizar a súa actividade o operador industrial de caldeiras deberá cumprir e terá que poder acreditar ante a Administración competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos mínimos que se indican no anexo II desta instrución técnica complementaria.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo II desta instrución técnica complementaria.

c) Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos mínimos que se indican no anexo II desta instrución técnica complementaria.

d) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias que se indican no anexo II desta instrución técnica complementaria.

e) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican no anexo II desta instrución técnica complementaria.»

Vinte e catro. Suprímese o número 4 do artigo 14 da ITC EP-1.

Vinte e cinco. Modifícase a redacción do primeiro parágrafo do número 1 do anexo II da ITC-EP-1, que queda como segue:

«1. Os operadores industriais de caldeiras deberán dispor dos seguintes coñecementos:»

Vinte e seis. Suprímense os números 2 e 3 do anexo II da ITC-EP-1.

Vinte e sete. O terceiro parágrafo do número 2.11 do anexo da ITC EP-2 queda redactado do modo que segue:

«A inspección e limpeza dos elementos das válvulas de seguridade, cámaras de flotación e accesorios pode ser realizada polo fabricante ou pola empresa reparadora habilitada ERP-2, logo da visita do inspector responsable da inspección e proba periódica. Deberá procederse a desmontar todas as válvulas de seguridade, axustalas correctamente, probalas a continuación e precintalas. Neste caso, o fabricante ou a empresa reparadora expedirán un certificado acreditativo de ter efectuado as operacións indicadas.»

Vinte e oito. Os números 2 e 5 do artigo 2 da ITC EP-5 quedan redactados da seguinte maneira:

«2. “Centro de inspección de botellas”, establecemento cos elementos adecuados para realizar as inspeccións periódicas e/ou visuais das botellas e que realizou o trámite de presentación de documentación establecido nos artigos 4 e 5 desta instrución técnica complementaria.»

«5. “Centro de recarga de botellas”, establecemento que dispón dos medios adecuados para poder exercer a actividade de recarga das botellas e que realizou o trámite de presentación de documentación establecido no artigo 3 desta instrución técnica complementaria.»

Vinte e nove. O artigo 3 da ITC EP-5 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Centro de recarga de botellas.*

1. Antes de iniciar a súa actividade, os centros de recarga de botellas deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique a instalación, a seguinte documentación:

a) O proxecto da instalación asinado por técnico titulado competente, no cal se describa a localización e todos os elementos constitutivos da instalación, acreditando o cumprimento das condicións específicas de seguridade que se indican no capítulo IV desta instrución técnica complementaria. Non requirirán proxecto de instalación aquelas instalacións de recarga de botellas en que a suma dos produtos da presión máxima de servizo en bares polo volume en litros de todos os equipamentos de presión fixos que poidan ser conectados de forma simultánea na instalación sexa ≤ 25.000 . Neste caso, deberá presentarse unha memoria técnica suscrita pola empresa instaladora na cal se describan as instalacións e o cumprimento do capítulo IV, e, se for o caso, un proxecto específico que acredite as condicións especiais de protección indicadas no artigo 12.a desta instrución técnica complementaria. En caso de que se utilicen equipamentos que soamente requirán de conexión eléctrica para o seu funcionamento, de acordo co artigo 4.4 do Regulamento de equipamentos de presión, ao non ter a consideración de instalación, a memoria poderá ser suscrita polo titular.

b) Certificado de dirección técnica asinado polo técnico titulado competente da empresa instaladora.

En caso de instalacións que non requirán proxecto, o certificado de instalación estará suscrito pola empresa instaladora de equipamentos de presión que a realizou.

Nos centros en que a memoria, de acordo coa anterior alínea a), poida ser suscrita polo titular, por non ser considerada como instalación, non será necesaria a presentación do certificado de empresa instaladora.

c) Manual de procedemento de actuación para a recarga de botellas, indicando, se for o caso, as actuacións para a carga de botellas con presións distintas ás de taraxe da rampla de carga.

d) Certificado de inspección do centro de recarga emitido por un organismo de control, cando fose establecido polo órgano competente da comunidade autónoma.

e) Unha declaración responsable en que o titular do centro ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige esta ITC EP-05, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución dos traballos se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan nesta ITC EP-05.

2. En relación coa declaración responsable exixida na alínea e) do número anterior, as comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos e non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa dita declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

3. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación ao centro de recarga de botellas e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

4. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido o centro de recarga de botellas para o exercicio da actividade desde o momento da súa presentación ante a Administración competente.

5. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

6. Calquera feito que supoña a modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

7. Os centros de recarga de botellas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter contratado con entidade debidamente autorizada un seguro de responsabilidade civil, aval ou outra garantía financeira que cubra especificamente esta actividade con cobertura mínima por accidente de 500.000 euros. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

b) Ter o persoal encargado do funcionamento do centro debidamente instruído no manexo da instalación e nos requisitos e comprobacións que hai que realizar para a enchedura das botellas.

c) Dispor, para a súa presentación por requirimento da Administración competente, das declaracións de conformidade <<CE>> de cada un dos equipamentos de presión da instalación.

8. O centro de recarga de botellas habilitado non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por el mesmo.

9. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

10. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

11. Os centros de produción de aire comprimido e mesturas de gases respirables, situados en industrias e actividades especializadas de produción, distribución e utilización de gases, consideranse habilitados para realizar a actividade de recarga de botellas. Neste caso, deberán comunicar o inicio da actividade ao órgano competente da comunidade autónoma, xunto co Manual de procedemento de actuación para a recarga de botellas.»

Trinta. O artigo 4 da ITC EP-5 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Centro de inspección periódica de botellas.*

1. Antes de iniciar a súa actividade, os centros de inspección periódica de botellas deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique a instalación, a seguinte documentación:

a) Proxecto de instalación do centro de inspección con plano de localización e de detalle. A zona das probas con presión deberá cumprir as condicións de instalación previstas no artigo 12 desta instrución técnica complementaria.

b) Certificado de dirección técnica asinado polo técnico titulado competente da empresa.

c) Copia da marca do punzón co contrasinal de rexeitamento indicado no anexo II desta instrución técnica complementaria.

d) Identificación do punzón para a marca que identifique a empresa, que utilizará para colocar sobre as botellas que inspeccionase. Xuntarase copia desta marca sobre un cadrado de aluminio de 2x2 cm.

e) Modelo de etiqueta adhesiva de inspección periódica, que o centro de inspección pegará sobre a botella no caso de botellas de materiais compostos, unha vez superada a inspección periódica, e en que constarán, como mínimo, os datos indicados no artigo 7.3 desta instrución técnica complementaria.

f) Modelo de etiqueta adhesiva de inspección visual, que o centro pegará sobre a botella unha vez superada a inspección e en que constarán, como mínimo, os datos indicados no artigo 9.4 desta instrución técnica complementaria

g) Libro rexistro, manual ou por medios electrónicos, das inspeccións, que será dilixenciado polo correspondente órgano competente da comunidade autónoma en que radique e onde constarán, como mínimo, os datos de rexistro previstos nas correspondentes normas UNE-EN 1968, UNE-EN 1802 e UNE-EN ISO 11623, segundo se trate de botellas de aceiro, aluminio ou materiais compostos, respectivamente.

h) Unha declaración responsable en que o titular do centro ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige esta ITC EP-05, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante

a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución dos traballos se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan nesta ITC EP-05.

2. En relación coa declaración responsable exixida na letra h) do punto anterior, as comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos e non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa dita declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

3. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación ao centro de inspección periódica de botellas e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

4. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido o centro de inspección periódica de botellas para o exercicio da actividade desde o momento da súa presentación ante a Administración competente.

5. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración, habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

6. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

7. Os centros de inspección periódica de botellas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Dispor do conxunto de ferramentas, maquinaria e elementos necesarios para realizar as probas, controis e inspeccións, con indicación da capacidade de inspección diaria do centro. Como mínimo deberán dispor dos seguintes elementos:

Sistema adecuado para a limpeza interior das botellas.

Conxunto para a realización da proba hidráulica de dilatación volumétrica.

Dispositivo para o secado interior das botellas.

Calibraxes e galgas para control de roscas.

Aparello luminoso para a inspección visual interna da botella.

Equipamento medidor de espesores de botellas.

Báscula para o control de peso das botellas.

Ferramentas e elementos para a fixación e manipulación das botellas.

Compresor de aire e elementos para comprobar a estanquidade da válvula.

b) Contar cun técnico titulado competente contratado, que será o responsable do control das botellas que se realice no centro.

c) Ter o persoal encargado das inspeccións debidamente instruído e formado para efectuar as probas e controis nas botellas.

d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo con cobertura mínima por accidente de 500.000 euros. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

8. O centro de inspección periódica de botellas habilitado non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por el mesmo.

9. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

10. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

11. Os centros de inspección periódica de botellas estarán tamén habilitados para a realización das inspeccións visuais das botellas.

12. Os centros de produción de aire comprimido e mesturas de gases respirables situados en industrias e actividades especializadas de produción, distribución e utilización de gases consideranse habilitados para realizar a actividade de inspección periódica e visual de botellas. Neste caso, deberán comunicar o inicio da actividade ao órgano competente da comunidade autónoma, xunto coa documentación exixida nas letras c), d), e), f) e g) do número 1 e unha declaración responsable en que o titular do centro ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos previstos nas letras b) e d) do número 7, que dispón da documentación que así o acredita que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade.

13. A comunidade autónoma notificará ao órgano competente de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as marcas dos punzóns de marcación que identifiquen os centros de inspección periódica que realizen o trámite de presentación de documentación que se regula neste artigo.

14. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio publicará no «Boletín Oficial del Estado», mediante resolución do centro directivo competente en materia de seguridade industrial, con carácter informativo, os punzóns de marcación que vaian utilizar os centros de inspección periódica para a súa identificación nas botellas, unha vez que realizen esta inspección.»

Trinta e un. O artigo 5 da ITC EP-5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Centro de inspección visual de botellas.*

1. Antes de iniciar a súa actividade, os centros de inspección visual de botellas deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique a instalación a seguinte documentación:

a) Memoria técnica en que se describan as instalacións e o cumprimento do capítulo IV desta instrución técnica complementaria, subscrita pola empresa instaladora, e plano de localización e de detalle da instalación. A zona das probas con presión deberá cumprir as mesmas condicións de localización que se indican

no artigo 12 para a recarga de botellas. Se for o caso, deberá presentarse un proxecto específico que acredite as condicións especiais de protección indicadas no artigo 12.a) desta instrución técnica complementaria.

b) Certificado de instalación subscrito pola empresa instaladora que a realizou. En caso de necesitar proxecto específico que acredite as condicións especiais de protección exixidas no indicado artigo 12.a), deberá presentarse o certificado de dirección técnica do citado proxecto asinado por técnico titulado competente.

c) Modelo de etiqueta adhesiva que o centro de inspección visual pegará sobre a botella, unha vez superada a inspección e en que constarán, como mínimo, os datos indicados no artigo 9.4 desta instrución técnica complementaria.

d) Libro de rexistro, manual ou electrónico, das inspeccións visuais, que será dilixenciado polo correspondente órgano competente da comunidade autónoma en que radique e onde constarán, como mínimo, os datos de rexistro previstos nas correspondentes normas UNE-EN 1968, UNE-EN 1802 e UNE-EN ISO 11623, segundo se trate de botellas de aceiro, aluminio ou materiais compostos, respectivamente.

e) Unha declaración responsable en que o titular do centro ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige esta ITC EP-05, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución dos traballos se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan nesta ITC EP-05.

2. En relación coa declaración responsable exixida na letra e) do punto anterior, as comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos e non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa dita declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

3. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación ao centro de inspección visual de botellas e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

4. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido o centro de inspección visual de botellas para o exercicio da actividade desde o momento da súa presentación ante a Administración competente.

5. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

6. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

7. Os centros de inspección visual de botellas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Dispor como mínimo dos elementos de traballo indicados no artigo 4.7 desta instrución técnica complementaria, con excepción do equipamento de probas hidráulicas e da dispoñibilidade de técnico titulado competente.

b) Ter o persoal encargado da inspección visual debidamente instruído e formado para realizar as probas e controis nas botellas.

c) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo con cobertura mínima por accidente de 500.000 euros. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

8. O centro de inspección visual de botellas habilitado non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por el mesmo.

9. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

10. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade aos cales se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Trinta e dous. O primeiro parágrafo do artigo 6 da ITC EP-5 queda redactado da seguinte maneira:

«Os centros de recarga que presentasen a documentación establecida no artigo 3 desta instrución técnica complementaria poderán recargar botellas non comercializadas legalmente no ámbito nacional e que procedan doutros países se cumpren os seguintes requisitos:»

Trinta e tres. Suprímese a alínea c) do artigo 7.3 da ITC EP-5.

Trinta e catro. Suprímese o terceiro guión do artigo 9.4 da ITC EP-5.

Trinta e cinco. A redacción do artigo 11.2 da ITC EP-5 pasa a ser a seguinte:

«2. Ademais das inspeccións indicadas no número anterior, o titular do centro de recarga ou de inspección revisará ou fará que revise anualmente unha empresa instaladora habilitada o correcto funcionamento de todos os elemento de control e seguridade da instalación (válvulas de seguridade, manómetros, presóstatos, válvulas de purga, etc.) Do resultado das revisións e comprobacións deixarase constancia escrita mediante un informe, que se conservará á disposición da autoridade competente durante un período de dez anos.»

Trinta e seis. A alínea a) do artigo 12 da ITC EP-5 queda redactado como segue:

«a) A zona de recarga non poderá ter paredes, teito ou piso comúns con outros locais ou espazos habitados, a menos que se xustifique no proxecto que nos cerramentos se dispón dunha protección adecuada que sexa capaz de soportar o

impacto, en caso de accidente, por desprendemento ou explosión dunha botella ou dalgún dos seus compoñentes.

En caso de que a instalación non requira proxecto de instalación, de acordo co artigo 3.2.a) desta instrución técnica complementaria, a protección da localización, segundo o parágrafo anterior, deberá xustificarse mediante un proxecto específico asinado por técnico titulado competente.»

Trinta e sete. A alínea c) do artigo 16.1 da ITC EP-5 queda redactada como segue:

«c) A utilización destes equipamentos de presión, pola súa condición de equipamentos compactos móbiles, ao non ter instalación fixa, non require do trámite de presentación de documentación previsto no artigo 3 desta instrución técnica complementaria.»

Trinta e oito. O número 7 do artigo 2 da ITC EP-6 queda redactado nos seguintes termos:

«7. «Centro de recarga de gases», establecemento que dispón dos medios adecuados para poder exercer a actividade de carga de recipientes de gases e que realizou o trámite de presentación de documentación establecido no artigo 7 desta instrución técnica complementaria.»

Trinta e nove. O artigo 7 da ITC EP-6 queda redactado do modo que segue:

«Artigo 7. *Centros de recarga de gases.*

1. Antes de iniciar a súa actividade, os establecementos que pretendan realizar a actividade de recarga dos recipientes de presión transportables incluídos na presente instrución técnica complementaria deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique a instalación a seguinte documentación:

- a) Proxecto da instalación asinado por técnico titulado en que se describa a localización e todos os elementos constitutivos da instalación.
- b) O certificado de instalación suscrito polo técnico titulado competente da empresa instaladora. Este certificado será considerado como de dirección técnica.
- c) Manual de procedementos de actuación para a recarga dos recipientes.
- d) Certificado de inspección emitido por un organismo de control autorizado.
- e) Unha declaración responsable en que o titular do centro ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige esta ITC EP-06, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución dos traballos se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establezan nesta ITC EP-06.

2. En relación coa declaración responsable exixida na letra f) do punto anterior, as comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos e non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa dita declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

3. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación ao centro de recarga de gases e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

4. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido o centro de recarga de gases para o exercicio da actividade desde o momento da súa presentación ante a Administración competente.

5. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na dita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

6. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

7. Os centros de recarga de gases deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo con cobertura mínima por accidente de 500.000 euros. Esta contía mínima actualizarase por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

b) Dispor, para a súa presentación, por requirimento da Administración competente, das declaracións de conformidade <<CE>> de cada un dos equipamentos de presión da instalación.

8. O centro de recarga de gases habilitado non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por el mesmo.

9. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, comportará o cesamento da actividade, salvo que se poida incoar un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da instalación, que terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.

10. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, das modificacións e do cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Corenta. O primeiro parágrafo do número 1 do artigo 10 da ITC EP-6 queda redactado como segue:

«1. Os centros de recarga que presentasen a documentación establecida no artigo 7 desta instrución técnica complementaria poderán recargar recipientes provenientes doutros países se estes realizaron a correspondente inspección periódica de acordo co procedemento que se establece na presente instrución técnica complementaria e levan a marcación «Π», a marcación «ε», ou algún dos

contrasinais de aprobación, de acordo cos anteriores regulamentos de aparellos ou recipientes de presión.»

Corenta e un. O artigo 11.2 da ITC EP-6 queda redactado como segue:

«2. Ademais das inspeccións indicadas no número anterior, o titular da instalación revisará ou fará que revise anualmente unha empresa instaladora habilitada o correcto funcionamento de todos os elementos de control e seguridade da instalación (válvulas de seguridade, manómetros, presóstatos, reguladores de presión, etc.). Do resultado das revisións e comprobacións deixárase constancia escrita mediante un informe, que se conservará á disposición da autoridade competente durante un período de dez anos.»

Disposición adicional única. *Persoas dotadas de certificado de cualificación individual ou carné.*

1. Os titulares dun certificado de cualificación individual en baixa tensión emitido por unha Administración competente previamente á data de entrada en vigor deste real decreto poderán seguir realizando a actividade de instalador en baixa tensión regulada no Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

2. Os titulares dun carné de instalador ou reparador de PPL emitido por unha Administración competente previamente á data de entrada en vigor deste real decreto poderán seguir realizando a actividade de instalador ou reparador de PPL regulada no Real decreto 365/2005, do 8 de abril, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», na categoría para a que este carné os autoriza.

3. Os titulares dun carné de instalador de gas emitido por unha Administración competente previamente á data de entrada en vigor deste real decreto poderán seguir realizando a actividade de instalador de gas regulada no Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 A 11, na categoría para a que este carné os autoriza.

4. Os titulares dun carné profesional de instalador de liñas de alta tensión emitido por unha Administración competente previamente á data de entrada en vigor deste Real decreto poderán seguir realizando a actividade de instalador de liñas de alta tensión regulada no Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09, na categoría para a que este carné os autoriza.

5. Os titulares dun carné de operador industrial de caldeiras emitido por unha Administración competente previamente á data de entrada en vigor deste real decreto poderán seguir realizando a actividade de operador industrial de caldeiras regulada no Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias.»

Disposición transitoria primeira. *Empresas previamente autorizadas.*

1. As empresas que xa estivesen autorizadas na data de entrada en vigor deste real decreto poderán seguir realizando a actividade para a cal foron autorizadas sen que deban presentar a declaración responsable regulada nas modificacións normativas introducidas por este real decreto. Estas empresas serán inscritas de oficio no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento, a partir dos datos contidos na autorización e remitidos, se for o caso, pola correspondente comunidade autónoma. Se for o caso, as administracións públicas poderán solicitar a información necesaria para completar a súa incorporación ao mencionado rexistro.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, o resto de novas condicións e requisitos establecidos nas modificacións introducidas por este real decreto serán, en todo caso, aplicables ás empresas sinaladas no número anterior.

Disposición transitoria segunda *Procedementos en tramitación.*

1. Os procedementos para a autorización dunha empresa regulados por algunha das normas regulamentarias que se modifican e que estivesen en tramitación no momento da entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolveranse pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude.

Non obstante, o órgano competente para resolver non poderá exixir requisitos suprimidos polo presente real decreto.

2. En todo caso, o interesado poderá, con anterioridade a que se dite resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación do disposto nas modificacións introducidas por este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O Real decreto 3008/1978, do 27 de outubro, regulador do documento de cualificación empresarial.

b) A Orde de Ministerio de Industria e Enerxía, do 25 de outubro de 1979, sobre a implantación do documento de cualificación empresarial para instaladores eléctricos.

c) A Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 12 de novembro de 1979, pola que se aproba a implantación do documento de cualificación empresarial nos sectores que se enumeran, correspondentes á madeira e á cortiza.

d) A Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 3 de agosto de 1979, pola que se aproba a implantación do documento de cualificación empresarial no sector da construción.

e) A Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 30 de xuño de 1980, sobre a implantación do documento de cualificación empresarial no sector de empresas de enxeñaría e consultoras.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de maio 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN